Tal como se pode observar na tabela homes e mulleres, sen diferenzas, valoran de forma semellante tanto a rede de asistencia social existente como a asistencia sanitaria e hospitalar e os servizos de benestar e asistencia social. Porén, a valoración do sistema público de pensións é maior nos homes (29,4%) que nas mulleres (23,4%) entrevistadas.

Por idades, a valoración da rede de asistencia social é satisfactoria nos maiores de 45 anos (60,2%) contra os menores de 30 (38,3%) e os comprendidos entre os 31-45 (42,0%). Esta tendencia repródúcese no caso dos servizos de benestar e asistencia social, sendo máis valorados pola poboación maior de 60 anos (57,9%) e polos comprendidos entre 46-60 (50,3%) que polos menores de 30 (41,1%) e comprendidos entre 31-45 (42,8%). Polo contrario, a asistencia sanitaria e hospitalar é valorada satisfactoriamente por todos os grupos de idade, situándose entre o 65,1% dos menores de trinta anos e o 70,7% dos comprendidos entre 46-60. O sistema público de pensións é valorado insatisfactoriamente por todos os grupos de idade analisados, situándose entre o 30,6% dos maiores de 60 e o 19,3% dos menores de 30.

En función da situación socio-laboral, xubilados (59,4%) e traballadores en activo (50,7%) son os grupos que máis satisfactoriamente valoran a rede de asistencia social contra os estudantes (38,1%) e desempregados (46,6%). Os xubilados son os que se mostran máis satisfeitos tanto cos servizos de benestar e asistencia social (60,1%) e o sistema público de pensións (32,3%). Os estudantes manifestan a maior satisfacción coa asistencia sanitaria e hospitalar (73,2%). A satisfacción dos traballadores activos co sistema público de pensións atinxe 27,2%.

Por zonas, a rede de asistencia social ten unha valoración satisfactoria na urbana (53,7%) e rural (52,4%) contra a semiurbana (45,4%). A asistencia sanitaria e hospitalar é valorada satisfactoriamente nas zonas analizadas. Os servizos de benestar e asistencia social só presentan unha valoración positiva na rural (50,3%) contra a urbana (49,4%) e semiurbana (45,9%). As tres zonas analizadas concordan en valorar negativamente o sistema público de pensións.

Por distritos, a rede de asistencia social é valorada satisfactoriamente no 8 (73,6%), 4 (63,6%) e 7 (53,0%) contra o 5 (21,1%), 6 (43,1%) e 2 (44,4%). A asistencia sanitaria e hospitalar posúe unha valoración positiva en todos os distritos, salvo o 8 (35,7%) e 7 (48,3%). As máximas valoracións prodúcense nos distritos 4 (84,0%), 3 (82,2%) e 2 (78,4%). A máxima satisfacción cos servizos de benestar e asistencia social sitúase nos distrito 8 (73,6%), 2 (54,9%) e 3 (54,8%) contra o 5 (21,1%), 9 (31,2%) e 4 (40,4%). A poboación entrevistada de todos os distritos concorda en valoralos insa-

tisfactoriamente nun abano que vai dunha satisfacción do 19,6% no Distrito 1 ao 38,4% no 3.

### Calidade dos servizos culturais, recreativos e de lecer existentes

#### Cantidade da oferta cultural

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p < 0,05$ )					
Home	7,7	23,8	50,2	14,7	3,7
Muller	7,2	23,4	46,6	16,5	6,4
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	8,7	28,8	48,9	11,2	2,5
31-45	8,7	27,7	49,9	11,3	2,4
46-60	6,9	21,0	51,9	17,2	3,0
>60	5,7	17,5	42,6	22,3	11,9
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	9,1	22,6	49,4	14,2	4,7
Estudante	8,3	30,4	48,2	10,7	2,4
Traballador activo	7,7	26,2	49,9	14,2	2,0
Xubilado	4,9	16,0	43,6	22,0	13,5
GLOBAL	7,4	23,6	48,3	15,6	5,1

#### Os equipamentos deportivos (campos de deporte, polideportivos,...)

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p < 0,05$ )					
Home	4,8	18,3	51,1	19,0	6,9
Muller	4,0	17,9	49,7	13,1	15,3
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	9,8	23,5	50,0	14,5	2,2
31-45	4,0	22,7	52,9	15,1	5,4
46-60	3,2	16,6	56,0	16,4	7,9
>60	2,5	10,4	42,3	17,5	27,4
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	4,9	19,1	51,9	16,2	8,0
Estudante	13,1	25,6	42,3	17,3	1,8
Traballador activo	3,7	20,4	55,7	14,5	5,6
Xubilado	2,1	8,8	39,9	18,3	30,9
GLOBAL	4,4	18,1	50,3	15,9	11,2

Instalacións culturais tais como as salas de concertos, teatros, museus e bibliotecas

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	6,2	27,1	50,3	10,3	6,3
Muller	7,3	25,9	47,1	11,4	8,4
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	10,3	29,6	49,4	8,9	1,7
31-45	7,3	34,5	45,3	9,7	3,2
46-60	6,7	22,8	53,7	12,1	4,6
>60	3,8	18,1	47,2	12,3	18,7
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	7,3	27,5	44,8	14,0	6,4
Estudante	11,9	27,4	49,4	10,7	0,6
Traballador activo	7,0	30,5	50,6	8,8	3,1
Xubilado	3,7	16,0	47,8	12,1	20,4
GLOBAL	6,8	26,5	48,6	10,8	7,3

A oferta de ocio e esparecemento (cinemas)

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	11,8	27,8	42,6	10,4	7,5
Muller	13,5	25,7	40,8	10,9	9,1
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	15,6	29,6	39,1	14,2	1,4
31-45	14,9	30,9	40,6	12,5	1,1
46-60	10,5	24,2	47,3	10,3	7,7
>60	10,0	22,1	39,4	6,2	22,3
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	16,9	28,8	40,1	8,2	6,0
Estudante	10,1	20,2	44,6	23,2	1,8
Traballador activo	12,0	29,1	44,4	11,3	3,1
Xubilado	10,7	21,6	36,0	6,7	25,1
GLOBAL	12,7	26,7	41,7	10,6	8,3

## A hostalaría e restauración

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&gt;0,05)</b>					
Home	1,8	8,9	49,7	37,0	2,5
Muller	1,9	7,4	50,6	36,8	3,8
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	3,6	10,1	52,0	32,7	1,7
31-45	2,2	6,8	52,5	36,6	1,9
46-60	1,2	7,3	49,3	40,8	1,4
>60	0,9	9,2	46,0	36,4	7,4
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	3,5	10,0	54,3	29,3	2,9
Estudante	2,4	6,5	46,4	40,5	4,2
Traballador activo	1,3	7,5	50,3	39,9	0,9
Xubilado	1,2	8,4	45,7	36,7	8,1
GLOBAL	1,9	8,1	49,9	36,9	3,2

Tanto a oferta cultural e as instalacións culturais como as de lecer e esparecemento ou os centros de hostalaría e restauración son valorados satisfactoriamente por homes e mulleres de forma semellante. No entanto, os equipamentos deportivos son máis valorados, de forma estatisticamente significativa, polos homes (70,1%) que polas mulleres (63,0%).

As persoas de idade comprendida entre 46-60 anos son os que se mostran máis satisfeitos con todos os parámetros analisados neste apartado. Os/as maiores de 60 é o colectivo que se manifestou máis satisfeito coa oferta cultural existente (64,9%) e a máis insatisfeita cos equipamentos deportivos (59,8%), coa oferta de lecer e esparecemento (45,7%) e coa hostalaría e restauración (82,5%).

Segundo a súa situación socio-laboral, os estudantes son os máis satisfeitos coas instalacións culturais (60,1%) e a oferta de lecer e esparecemento (67,9%). Os xubilados presentan a maior satisfacción relativamente á oferta cultural (65,7%) e a máis baixa no que di respecto dos equipamentos deportivos (58,2%), a oferta de lecer e esparecemento (42,7%) e hostalaría e restauración (82,4%). Os traballadores activos son os máis satisfeitos cos equipamentos deportivos (70,2%) e hostalaría e restauración (90,2%). Os xubilados presentan a maior insatisfacción con relación ás instalacións culturais (19,7%).

Por zonas, a urbana é a de maior grao de satisfacción relativamente á oferta cultural existente (67,4%), as instalacións culturais (63,3%), a oferta de lecer e esparecemento (63,5%) e hostalaría e restauración (92,5%). A rural manifestou unha maior satisfacción con respecto aos equipamentos deportivos (75,5%). A semiurbana é a menos satisfeita coa oferta cultural (58,6%), as instalacións culturais (54,5%), equipamentos deportivos (62,5%) e oferta de lecer e esparecemento (36,1%).

Por distritos, o 3 é o máis satisfeito coa oferta cultural existente (83,6%), as instalacións culturais (71,9%) e actividades de lecer e esparecemento (84,2%). O Distrito 9 eo cos equipamentos deportivos (87,9%) e o 1 coa hostalaría e restauración (95,8%). Polo contrario, o Distrito 6 é o menos satisfeito coas instalacións culturais (40,1%), equipamentos deportivos (48,2%) e actividades de lecer e esparecemento (27,9%). O Distrito 5 é o máis insatisfeito coa oferta cultural existente (48,6%) e o 8 coa hostalaría e restauración (62,8%).

### Novas tecnoloxías da comunicación e da información

A integración nas novas tecnoloxías

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p &lt; 0,05</math>)</b>					
Home	3,8	15,2	53,6	19,2	8,2
Muller	2,9	13,0	51,3	20,0	12,8
<b>Idade (<math>p &lt; 0,05</math>)</b>					
18-30	7,0	19,6	50,6	21,2	1,7
31-45	4,0	15,2	53,7	19,3	7,8
46-60	1,8	11,7	58,6	21,8	6,1
>60	1,5	11,1	46,4	16,8	24,2
<b>Situación laboral (<math>p &lt; 0,05</math>)</b>					
Desempregado	5,3	11,3	51,2	22,4	9,8
Estudante	8,9	25,6	49,4	16,1	0,0
Traballador activo	2,6	14,6	57,6	19,9	5,3
Xubilado	0,7	11,1	43,4	17,4	27,4
<b>GLOBAL</b>	<b>3,3</b>	<b>14,1</b>	<b>52,4</b>	<b>19,6</b>	<b>10,6</b>

A accesibilidade a Internet desde lugares públicos (zonas wifi, cibercafé, bibliotecas,...)

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&lt;0,05)</b>					
Home	7,5	20,8	37,8	11,3	22,6
Muller	5,5	16,5	38,7	10,0	29,4
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	12,6	23,7	41,6	17,0	5,0
31-45	7,4	24,6	42,0	10,6	15,4
46-60	5,1	16,2	45,7	12,1	21,0
>60	2,5	10,2	24,7	4,9	57,7
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	6,4	18,0	43,5	14,2	18,0
Estudante	14,3	25,6	41,7	14,3	4,2
Traballador activo	7,2	21,5	43,7	11,0	16,7
Xubilado	1,9	10,0	19,5	4,6	64,0
<b>GLOBAL</b>	<b>6,5</b>	<b>18,6</b>	<b>38,3</b>	<b>10,6</b>	<b>26,1</b>

A accesibilidade particular a Internet

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&lt;0,05)</b>					
Home	4,4	12,0	38,1	30,4	15,2
Muller	3,4	11,5	36,4	28,6	20,2
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	5,0	13,1	42,7	36,9	2,2
31-45	5,9	14,4	37,6	38,5	3,6
46-60	2,4	12,1	41,6	30,1	13,7
>60	2,1	7,2	28,9	13,0	48,9
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	6,9	11,8	43,2	27,3	10,9
Estudante	4,8	12,5	33,9	45,8	3,0
Traballador activo	3,5	13,8	40,4	35,8	6,5
Xubilado	1,2	6,7	25,1	11,1	55,9
<b>GLOBAL</b>	<b>3,9</b>	<b>11,7</b>	<b>37,2</b>	<b>29,4</b>	<b>17,8</b>

A diferenza das mulleres, os homes son os que en maior proporción achan que Vigo se integrou nas novas tecnoloxías (72,8%) ou valoran en maior grao a accesibilidade a Internet desde lugares públicos (49,1%) ou desde os privados (68,4%).



Por idades, os máis novos presentan unha maior satisfacción coa conectividade a Internet desde lugares públicos (58,7%) ou desde os privados (79,6%). Polo contrario, os maiores son os que presentan un menor grao de satisfacción, tanto coa incorporación do municipio ás novas tecnoloxías (63,0%) como á accesibilidade pública (29,6%) ou privada (41,9%) á Internet. Neste sentido, mostran o maior nivel de descoñecemento destes tres parámetros dada a elevada proporción de respostas NS/NR (24,4%, 57,7% e 48,9%, respectivamente).

Segundo a súa situación socio-laboral, os xubilados son os que presentan menores índices de satisfacción no relativo á integración de Vigo nas novas tecnoloxías (60,8% contra o 77,5% dos traballadores activos), na accesibilidade a Internet nos lugares públicos (24,1% contra o 57,7% dos desempregados) ou nos privados (36,2% contra o 79,7% dos estudantes).

Por zonas, a integración de Vigo nas novas tecnoloxías é máis valorada na zona rural (74,2%) e semiurbana (73,9%) do que na urbana (70,2%). Por distritos, a maior satisfacción con este parámetro áchase no 8 (78,2%), 4 (77,7%) e 7 (75,4%) contra o 3 (63,0%), 2 (65,9%) e 6 (70,5%).

A conectividade á Internet desde os lugares públicos presenta unha maior satisfacción na zona rural (51,7%) que na urbana (48,1%) e semiurbana (48,9%). Por distritos, os maiores niveis de satisfacción rexístranse no 7 (65,8%), 8 (58,1%) e 2 (54,7%) contra o 5 (13,8%), 6 (33,5%) e 3 (41,1%).

Porén, a conectividade privada á Internet manifesta un grao de satisfacción maior na zona urbana (72,1%) que na rural (66,1%) e semiurbana (59,0%). Por distritos, destacan os maiores niveis de satisfacción rexistrados nos 9 e 1 (78,3% en ambos os casos) e 3 (77,7%) contra o 51,2%, 53,8% e 58,6% dos distritos 8, 6 e 7, respectivamente.

## Sustentabilidade ambiental

### Utilización razoábel dos recursos

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&lt;0,05)</b>					
Home	20,1	35,3	33,3	2,9	8,4
Muller	19,5	30,1	31,3	4,2	14,8
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	19,3	35,2	29,1	2,5	14,0
31-45	22,7	38,4	28,5	1,6	8,9
46-60	18,8	31,1	36,6	3,2	10,3
>60	17,7	25,5	34,9	7,0	14,9
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	25,3	33,7	25,3	3,8	12,0
Estudante	10,1	28,6	39,9	2,4	19,0
Traballador activo	19,7	36,9	33,2	2,0	8,2
Xubilado	18,1	23,4	34,6	7,4	16,5
<b>GLOBAL</b>	<b>19,8</b>	<b>32,6</b>	<b>32,3</b>	<b>3,6</b>	<b>11,7</b>

### Existen problemas de contaminación atmosférica

	Moi en desacordo	En desacordo	De acordo	Moi de acordo	NS/NR
<b>Xénero (p&lt;0,05)</b>					
Home	13,9	22,3	45,0	16,5	2,3
Muller	1,3	21,5	39,2	23,2	2,9
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	12,0	21,8	42,7	21,8	1,7
31-45	13,0	20,8	46,8	17,7	1,7
46-60	17,0	23,0	41,4	17,0	1,6
>60	12,3	22,1	36,4	24,2	5,1
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	10,2	19,3	45,9	21,5	3,1
Estudante	12,5	22,0	43,5	18,5	3,6
Traballador activo	16,1	23,9	41,7	17,4	0,9
Xubilado	12,1	20,0	38,1	24,6	5,3
<b>GLOBAL</b>	<b>13,6</b>	<b>21,8</b>	<b>42,0</b>	<b>20,0</b>	<b>2,6</b>

## Contaminación acústica

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	29,8	43,9	16,8	9,1	0,3
Muller	33,2	40,8	16,4	8,4	1,3
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	28,5	45,3	17,0	7,5	1,7
31-45	35,2	43,9	13,3	7,1	0,5
46-60	33,5	38,0	18,8	8,9	0,8
>60	27,5	42,5	18,1	11,3	0,6
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	35,5	41,5	14,6	7,3	1,1
Estudiante	24,4	44,6	20,2	7,7	3,0
Traballador activo	32,5	42,9	15,9	8,4	0,3
Xubilado	28,3	40,8	18,8	11,4	0,7
GLOBAL	31,6	42,3	16,6	8,7	0,8

## Limpeza da cidade

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	9,0	22,1	48,6	20,1	0,2
Muller	7,9	22,6	46,2	23,0	0,3
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	12,3	24,3	43,6	19,3	0,6
31-45	8,1	23,0	47,5	21,4	0,0
46-60	6,3	23,6	51,3	18,4	0,4
>60	8,3	19,1	46,0	24,6	0,2
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	8,4	20,2	49,2	21,7	0,4
Estudiante	14,9	27,4	42,3	15,5	0,0
Traballador activo	7,3	23,9	49,0	19,7	0,2
Xubilado	8,6	19,3	43,9	28,1	0,2
GLOBAL	8,4	22,3	47,4	21,6	0,2

A maioría dos vigueses/as entrevistados están satisfeitos co estado da limpeza da cidade (59,0%). Polo contrario, máis da metade (52,4%) non acha que a cidade use os recursos de forma razoábel; un 62,0%, que existen problemas coa contaminación atmosférica e un 73,9% está insatisfeito coa contaminación acústica.

A percepción sobre a irracionalidade no uso dos recursos é maior nos homes (55,4%) que nas mulleres (49,6%), se ben estas rexistran un maior nivel de NS/NR (14,8%). No entanto, a insatisfacción coa contaminación acústica é levemente superior nas mulleres (74,0%) que nos homes (73,7%). Alén diso, as mulleres presentan unha maior insatisfacción (sen significancia estatística) do que os homes relativamente ao estado da contaminación atmosférica (62,4% contra o 61,5%) e maior satisfacción coa limpeza da cidade (69,2% contra 68,7%).

Por idades, os xovens son os máis insatisfeitos coa irracionalidade na utilización dos recursos pola cidade (54,5% contra o 43,2% dos máis vellos). Neste sentido, os maiores de 60 anos son os menos insatisfeitos coa contaminación acústica (70,0% contra o 79,1% dos comprendidos entre 31-45) e os máis satisfeitos coa limpeza da cidade (70,6% contra o 62,9% dos máis novos). Relativamente ao estado da contaminación atmosférica, os comprendidos entre 31-45 anos (64,5%) e os menores de 18 (64,5%) son os máis insatisfeitos contra o 58,0% dos comprendidos entre 45-60.

Os desempregados son os máis insatisfeitos co uso razoábel dos recursos polo municipio (59,0% contra o 38,7% dos estudantes) e co estado da contaminación acústica (77,0% contra o 60,9% dos estudantes) e, por súa vez, os máis insatisfeitos co estado da contaminación atmosférica (67,4% contra o 59,1% dos traballadores activos). Os xubilados son os máis satisfeitos coa limpeza da cidade (72,0% contra o 57,8% dos estudantes)

Por zonas, a semiurbana é a máis satisfeita coa limpeza da cidade (72,1%, contra o 65,9% da urbana). A zona rural é a máis insatisfeita co estado da polución atmosférica (71,7% contra o 55,7% da urbana) e a máis insatisfeita coa contaminación acústica (81,8% contra o 69,0% da semiurbana e 75,1% da urbana).

Relativamente á contaminación acústica, os Distritos 9, 6 e 1 son os máis insatisfeitos (93,0%, 86,8% e 79,0%, respectivamente) contra o 7, 5 e 8 (61,8%, 63,3% e 68,2%, respectivamente). Os Distritos 5, 9 e 8 son os máis insatisfeitos co estado da atmosfera (78,0%, 72,0% e 71,3%, respectivamente) contra o 4 (42,7%), 3 e 6 (59,9% ambos os dous). Os cidadáns entrevistados dos distritos 5 (82,6%, 8 (79,1%) e 7 (73,6%) son os máis satisfeitos coa limpeza da cidade contra os do 1 (39,9%), 6 (62,9%) e 9 (66,2%).

## Sustentabilidade social

### A integración dos estranxeiros

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
Home	9,6	21,2	45,1	16,9	7,1
Muller	11,3	20,5	45,2	16,7	6,3
<b>Idade (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
18-30	7,3	18,2	51,1	17,0	6,4
31-45	9,8	19,2	46,9	18,5	5,5
46-60	9,9	23,6	45,9	14,9	5,7
>60	14,0	22,1	38,5	16,4	9,1
<b>Situación laboral (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
Desempregado	10,9	17,3	45,5	18,6	7,8
Estudiante	3,6	22,6	51,8	13,1	8,9
Traballador activo	9,5	22,1	47,6	16,7	4,0
Xubilado	14,8	21,1	36,9	16,7	10,4
<b>GLOBAL</b>	<b>10,5</b>	<b>20,9</b>	<b>45,2</b>	<b>16,8</b>	<b>6,7</b>

### Facilidade para chegar con diñeiro ao fin de mes

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
Home	15,7	27,3	25,9	30,3	0,8
Muller	14,3	30,4	24,4	28,2	2,7
<b>Idade (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
18-30	20,9	22,3	19,6	33,0	4,2
31-45	17,1	31,9	24,1	26,0	1,0
46-60	10,9	29,1	28,5	30,5	1,0
>60	12,6	29,6	27,0	29,2	1,9
<b>Situación laboral (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
Desempregado	25,3	22,2	18,4	33,7	0,4
Estudiante	13,1	26,8	21,4	30,4	8,3
Traballador activo	12,0	31,6	28,9	26,3	1,0
Xubilado	11,6	30,6	25,1	30,4	2,3
<b>GLOBAL</b>	<b>15,0</b>	<b>28,9</b>	<b>25,1</b>	<b>29,2</b>	<b>1,8</b>

Unha maioría de vigueses/as do 62,0% mostrouse satisfeito coa integración da poboación estranxeira na cidade, sen notar grandes diferenzas de resposta por xénero (62,0% no caso das mulleres e 62,1% no dos homes). Por idades existen maiores diferenzas, manifestándose máis satisfeitos os máis novos (68,2%) contra a poboación maior de 60 anos (54,9%). Consecuentemente a poboación xubilada é a que presenta un menor nivel de satisfacción (53,6%) contra o resto de colectivos analisados.

Por zonas é a semiurbana xunto a rural a que rexistra unha maior satisfacción (66,6% e 66,1, respectivamente) contra o 57,7% da urbana. Por distritos, o 6 (89,8%), 8 (76,7%) e 7 (66,0%) son os máis satisfeitos con este parámetro contra o 5 (26,6%), 4 (54,2%) e 1 (55,2%).

Relativamente ás dificultades económicas das persoas para chegar con diñeiro no fin de mes, algo máis da metade da poboación (54,3%) móstrase satisfeita coa situación fronte ao 43,9% que presenta dificultades. Por idades os máis insatisfeitos (49,0%) son os comprendidos entre 31-45 anos contra os comprendidos entre 46-60 (40,0%). De resto, os desempregados son os máis insatisfeitos (47,5%), mostrando os traballadores activos unha insatisfacción (43,6%) superior á dos xubilados (42,1%).

Por zonas, a satisfacción coa súa situación económica persoal é maior na semiurbana (59,7%) e urbana (52,7%) que na rural (46,9%). Os distritos máis satisfeitos coa súa economía doméstica son o 8 (79,1%), 7 (76,4%) e 1 (63,6%) contra o 9 (20,4%), 6 (25,4%) e 2 (37,9%).

## Sustentabilidade económica

Vigo é unha cidade adecuada para crear e desenvolver empresas

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&lt;0,05)</b>					
Home	5,8	17,1	46,8	26,5	3,8
Muller	6,2	15,3	43,7	27,1	7,7
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	5,9	16,8	50,6	21,5	5,3
31-45	7,8	16,8	46,8	24,1	4,6
46-60	5,7	18,0	42,4	32,3	1,6
>60	4,3	13,4	42,3	28,5	11,5
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	8,4	20,6	40,6	26,8	3,5
Estudante	7,1	14,3	53,0	18,5	7,1

Traballador activo	5,4	16,3	48,0	26,8	3,5
Xubilado	4,4	12,1	40,6	30,2	12,8
GLOBAL	6,0	16,2	42,5	26,8	5,8

## Capacidade de atracción turística

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	3,9	11,2	49,5	34,3	1,1
Muller	4,0	11,4	46,1	36,3	2,2
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	6,7	16,2	48,3	28,2	0,6
31-45	4,8	12,0	51,5	31,1	0,6
46-60	2,4	9,5	50,1	37,0	1,0
>60	2,6	8,7	40,8	43,6	4,3
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	4,2	12,4	50,8	31,7	0,9
Estudante	7,7	16,1	44,6	31,5	0,0
Traballador activo	4,0	11,1	51,1	32,8	0,9
Xubilado	2,1	8,6	38,3	46,2	4,9
GLOBAL	4,0	11,3	47,8	35,3	1,7

## A calidade do comercio existente

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	2,1	10,8	57,8	27,3	2,1
Muller	2,7	8,9	58,0	28,0	2,4
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	2,8	8,7	59,5	27,7	1,4
31-45	2,7	9,2	55,6	30,9	1,6
46-60	1,4	10,9	61,6	24,6	1,4
>60	2,6	10,2	56,2	26,6	4,3
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	4,0	12,0	57,2	25,5	1,3
Estudante	1,2	9,5	54,2	33,3	1,8
Traballador activo	1,7	9,1	60,4	27,6	1,2
Xubilado	2,8	9,0	54,8	27,8	5,6
GLOBAL	2,4	9,8	57,9	27,7	2,2

## O Porto da cidade

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
Home	5,0	13,5	43,8	34,9	2,8
Muller	4,2	13,8	44,9	32,0	5,1
<b>Idade (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
18-30	5,6	19,0	40,5	30,4	4,5
31-45	4,8	16,0	46,4	29,6	3,2
46-60	5,3	11,5	45,5	34,5	3,2
>60	3,2	9,2	43,6	38,7	5,3
<b>Situación laboral (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
Desempregado	4,7	12,4	46,6	33,7	2,7
Estudante	6,5	15,5	36,3	35,1	6,5
Traballador activo	5,0	16,1	45,9	30,0	3,1
Xubilado	3,0	8,8	42,0	39,9	6,3
GLOBAL	4,6	13,7	44,4	33,4	4,0

Unha maioría de 69,3% de vigueses/as entrevistados concorda en que Vigo é unha cidade adecuada para crear e desenvolver empresas. Esta percepción é maior nos homes (73,3%) que nas mulleres (70,8%), así como maior nas persoas entre 46-60 anos (74,7%) que nas maiores de 60 (70,8%). En función do grupo socio-laboral, os traballadores activos están máis satisfeitos (74,8%) que os desempregados (67,4%).

Por zonas, a cidadanía entrevistada da semiurbana móstrase máis satisfeita (78,6%) que a da rural (75,6%) e urbana (66,3%). Por distritos, os máis satisfeitos son o 6 (93,9%), 5 (81,6%) e 9 (80,3%) contra o 4 (61,3%), 1 (65,7%) e 2 (68,9%).

A capacidade de atracción turística da cidade tamén é valorada satisfactoriamente por máis de oito en cada dez persoas entrevistadas (83,1%), sen notarse diferenzas nas respostas dadas por homes (83,8%) e mulleres (82,4%). Por idades, os grupos máis satisfeitos con este parámetro é o dos comprendidos entre 87,1% contra os menores de 30 (76,5%). En función da situación socio-laboral, os estudantes (73,2%) e os desempregados (82,5%) son os menos satisfeitos contra o 84,4% de satisfacción mostrada polos xubilados.

Por zonas, os residentes na rural (85,1%) e semiurbana (83,1%) están máis satisfeitos que os da urbana (82,6%). Por distritos, os residentes nos Distritos 5, 9 e 4, son os máis satis-



feitos (91,7%, 86,7% e 86,4%, respectivamente) contra o 2, 1 e 7 (75,8%, 79,0% e 80,9%, respectivamente).

A calidade do comercio existente no municipio de Vigo é valorada positivamente polo 85,6% das persoas entrevistadas, sen rexistrarse diferenzas significativas nas respostas dadas por mulleres (86,0%) e homes (85,1%). Por idades, os máis satisfeitos son os máis novos (87,2%) contra os maiores de 60 (82,8%) e por grupos socio-laborais os traballadores activos (88,0%) e estudantes (87,5%) contra os xubilados (82,6%) e desempregados (82,7%).

Por zonas, os residentes na urbana (89,6%) están máis satisfeitos que os da rural (84,6%) e semiurbana (80,3%). Por distritos, os máis satisfeitos correspóndense ao 9, 3 e 4 (95,5%, 93,8% e 93,7%, respectivamente) contra o 8, 7 e 2 (71,3%, 72,4% e 80,6%, respectivamente).

O Porto da cidade é valorado satisfactoriamente polo 77,8% das persoas entrevistadas, sendo levemente superior a valoración dos homes (78,7%) que das mulleres (76,9%). Por idades, os maiores de 60 anos son os máis satisfeitos (82,3%) contra os menores de 30 (70,9%). A satisfacción dos xubilados (71,9%) é superior á dos estudantes (71,4%) ou traballadores activos (75,8%).

Por zonas, a rural é a máis satisfeita (85,3%) fronte á urbana (75,7%) e semiurbana (77,7%). Os distritos que manifestan unha maior nivel de satisfacción son o 7, 9 e 3, co 72,1%, 90,4% e 78,8%, respectivamente, contra o 5, 6 e 1 (52,3%, 61,9% e 66,4%, respectivamente).

## Mobilidade e transporte

O servizo de transporte público entre Vigo e o seu entorno

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p > 0,05$ )					
Home	9,5	25,8	43,5	12,9	8,2
Muller	11,3	23,0	44,7	14,4	6,6
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	16,5	25,4	40,5	14,8	2,8
31-45	13,0	27,9	41,5	9,8	7,8
46-60	7,9	26,1	43,6	12,7	7,1
>60	5,7	17,9	47,5	18,5	10,4
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	10,6	25,3	43,8	13,1	4,2
Estudante	17,9	24,4	35,1	19,0	3,6
Traballador activo	10,9	28,2	42,7	10,5	7,7
Xubilado	6,3	14,8	47,8	19,5	11,6
GLOBAL	10,4	24,4	44,1	13,7	7,4

O transporte público na cidade (proximidade de paradas, frecuencia, cobertura,...)

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p > 0,05$ )					
Home	5,9	20,2	53,4	16,0	4,4
Muller	7,0	17,9	52,7	17,9	4,4
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	9,8	20,4	53,1	13,4	3,4
31-45	7,4	20,0	50,2	16,5	5,9
46-60	5,7	21,6	52,9	16,6	3,2
>60	4,0	14,5	56,6	20,4	4,5
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	7,1	17,3	55,0	18,2	2,4
Estudante	9,5	20,8	52,4	13,7	3,6
Traballador activo	6,8	21,5	57,1	14,6	5,4
Xubilado	3,9	14,6	54,5	22,3	4,6
GLOBAL	6,5	19,0	53,1	17,0	4,4

## O tráfico na cidade

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p &gt; 0,05</math>)</b>					
Home	46,8	22,5	15,5	15,1	0,2
Muller	47,2	22,9	14,5	14,1	1,3
<b>Idade (<math>p &lt; 0,05</math>)</b>					
18-30	47,8	23,2	15,9	12,8	0,3
31-45	52,1	20,1	12,2	15,1	0,5
46-60	45,9	23,8	16,2	13,9	0,2
>60	41,3	24,3	16,6	15,7	2,1
<b>Situación laboral (<math>p &lt; 0,05</math>)</b>					
Desempregado	38,4	22,8	17,7	20,4	0,7
Estudiante	51,2	26,8	13,1	8,3	0,6
Traballador activo	53,7	20,9	12,7	12,4	0,3
Xubilado	39,2	25,1	18,1	15,5	2,1
GLOBAL	47,0	22,7	15,0	14,5	0,8

A maioría da poboación entrevistada (60,8%) está satisfeita co servizo de transporte público existente entre Vigo e o seu entorno, sendo esta satisfacción maior nas mulleres (59,1%) que nos homes (56,4%), na zona semiurbana (62,5%) e rural (59,4%) que na urbana (54,0%) así como nas persoas maiores de 60 anos (66,0%) do que nas comprendidas entre 31-45 (51,3%). En función da situación socio-laboral, os traballadores activos presentan menor satisfacción (53,2%) que os xubilados (67,3%).

Relativamente ao transporte público urbano a satisfacción é aínda maior (70,1%), superando as mulleres (70,6%) levemente á dos homes (69,4%). Por idades é maior nas persoas con máis de 60 anos (77,0%) contra o 66,5% dos menores de 30. A satisfacción dos xubilados (76,8%) e de desempregados (73,2%) supera á dos estudantes e traballadores activos (66,1% e 66,3%, respectivamente). Por zonas a satisfacción é maior na rural (78,3%) que na urbana (69,0%) ou semiurbana (68,3%). Por distritos, a maior satisfacción prodúcese no 5 (82,6%), 3 (80,1%) e 8 e 9 (78,3% en ambos os dous) contra a do 2 (60,3%), 4 e 7 (66,7%) e 1 (67,1%).

A insatisfacción coa situación do tráfico na cidade atinxe o 69,7% das persoas entrevistadas (70,1% no caso das mulleres e 69,2% no dos homes). Por idades esta é maior nos comprendidos entre 31-45 (72,3%) contra os maiores de 60 (65,7%). Igualmente os estudantes (78,0%) e traballadores activos (74,6%) son os colectivos socio-laborais máis insatisfeitos.

Por zonas, a insatisfacción con este factor é maior na urbana (87,0%) que na rural (69,9%) e semiurbana (44,8%). Por distritos, os que se mostran máis incidencia negativa son o 1 (98,6%), 9 (98,1%) e 6 (94,4%) contra o 5 (16,5%), 7 (28,3%) e 8 (35,7%).

## Seguranza cidadá

Na zona de residencia

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
Home	1,8	8,6	53,7	35,7	0,1
Muller	2,1	8,9	55,1	33,6	0,3
<b>Idade (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
18-30	2,5	9,5	52,5	35,5	0,0
31-45	1,9	8,1	55,5	34,2	0,3
46-60	1,4	6,5	57,2	37,4	0,2
>60	2,3	11,1	52,4	34,3	0,2
<b>Situación laboral (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
Desempregado	1,8	8,9	55,7	33,7	0,2
Estudante	4,2	8,9	51,8	35,1	0,0
Traballador activo	1,7	7,4	56,4	34,8	0,1
Xubilado	2,1	11,6	50,8	35,0	0,5
GLOBAL	2,0	8,7	54,5	34,6	0,2

No municipio de Vigo

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (<math>p&gt;0,05</math>)</b>					
Home	2,1	10,6	60,6	26,3	0,5
Muller	1,8	10,6	63,5	23,2	0,9
<b>Idade (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
18-30	3,4	6,7	63,1	26,3	0,6
31-45	1,7	10,8	59,7	27,9	0,5
46-60	1,2	9,5	65,5	23,4	0,4
>60	1,9	14,0	61,9	20,9	1,3
<b>Situación laboral (<math>p&lt;0,05</math>)</b>					
Desempregado	2,7	12,6	57,0	27,5	0,2
Estudante	4,2	4,2	64,3	26,2	1,2
Traballador activo	1,3	9,0	64,2	25,2	0,3

Xubilado	1,6	14,4	62,2	20,0	1,9
GLOBAL	1,9	10,6	62,1	24,7	0,7

Case nove en cada dez persoas entrevistadas (89,1%) están satisfeitas coa seguranza cidadá existente na súa zona de residencia (86,8% no caso do municipio de Vigo). Por zonas, os individuos residentes na rural móstranse máis satisfeitos coa súa zona de residencia (96,2%) fronte aos da urbana (89,5%) e semiurbana (85,5%). Polo contrario, os residentes na urbana son os máis satisfeitos coa seguranza xeral existente no municipio de Vigo (88,9%) contra os da semiurbana (83,5%) e rural (87,1%).

Por distritos, os máis insatisfeitos coa seguranza da súa zona de residencia son os do 1 e 7 (14,7% ambos os dous) e 6 (14,2%). O maior grao de satisfacción prodúcese no 4 (99,2%), 9 (97,5%) e 8 (94,5%). Relativamente á seguranza global existente no municipio os distritos máis insatisfeitos son o 9 (17,8%), 7 (17,5%) e 6 (14,3%), producíndose a maior satisfacción no 8 (92,9%), 4 (92,5%) e 5 (90,9%).

Por xénero non se producen diferenzas significativas entre homes e mulleres, mostrándose máis satisfeitos os primeiros que as segundas (89,5% contra 88,7% no caso da súa zona de residencia e 86,8% contra 86,7% no caso do municipio).

Por idades, os comprendidos entre 46-60 anos son os máis satisfeitos coa seguranza cidadá na súa zona de residencia (91,9%) e os menores de 30 anos coa seguranza xeral existente en Vigo (89,3%). Os maiores de 60 anos son os máis insatisfeitos coa seguranza cidadá, quer na súa zona de residencia (13,4%), quer no municipio (15,9%).

Consecuentemente, o colectivo de xubilados son os máis insatisfeitos coa seguranza na súa zona de residencia (13,7%) ou no municipio (16,0%). Logo a seguir os estudantes, cun 13,1% de insatisfacción coa seguranza na súa zona de residencia e, no caso dos desempregados, cun 13,3% de insatisfacción cos niveis globais do municipio.

Os principais motivos aludidos polo 12,5% de persoas que se manifestaron insatisfeitas co nivel de seguranza cidadá existente no municipio de Vigo (ver Anexo 1), figuran a delincuencia e os roubos (62,7%), inseguranza cidadá pola noite (33,7%), drogas e alcohol (28,2%), falta de vixilancia policial (25,4%), ao feito de se leren e escoitaren moitos sucesos (24,6%), a existencia de xente conflictiva (24,2%) e depende das zonas ou barrios (20,0%). En menor grao, áchanse a ocorrencia de accidentes de tráfico (18,3%), a existencia de pandillas (13,9%), problemas coa inmigración (13,1%), roubos con violencia e intimidación (13,1%)

e a existencia dun maior grao de violencia (8,3%). Até un 3,6% aludiron outras circunstancias.

#### Delincuencia e roubos

Este factor, referido polo 62,7% dos entrevistados/as insatisfeitos co estado da seguranza cidadá, alcanza o 80,9% na zona semiurbana, 58,3% na rural e 45,3% na urbana. Por distritos, o 6 (100,0%), 8 (87,5%) e 7 (76,1%) son os que atinxen maior proporción contra o 3 (25,8%), 1 (45,8%) e o 2, 5 e 9 (50,0%).

Por idades, os maiores de 60 son máis sensíbeis a este parámetro (67,9%) contra os menores de 30 (47,2%), ao igual que os homes (65,0%) contra o 60,5% expresado polas mulleres.

#### Inseguranza nocturna

Cunha proporción global do 33,7% dos insatisfeitos, a zona urbana é a máis sensíbel (41,5%) contra a semiurbana (31,8%) e rural (16,7%). Por distritos, as proporcións máis elevadas rexistráronse no 6 (75,9%), 2 (50,0%) e 4 (47,8%) contra o 8 (12,5%), 7 (15,5%) e 9 (17,9%).

Por xénero, as mulleres dan maior importancia a este factor (37,2%) que os homes (30,1%), así como os menores de 30 anos (38,9%) e maiores de 60 (36,9%) contra os comprendidos entre 31-45 (27,8%) e entre 46-60 (34,0%).

#### Drogas e álcool

A existencia de puntos afectados por esta circunstancia (28,2%) é maior na zona semiurbana (34,5%) que na urbana (21,7%) e rural (27,8%). Por distritos, a maior afección produciuse no 8 (50,0%), 7 (49,3%) e 5 (30,0%) contra o 6 (0,0%), 3 (9,7%) e 9 (21,4%).

Por xénero, a proporción de mulleres (29,5%) supera á dos homes (26,8%). Por idades, sitúase entre o 31,6% os comprendidos entre 31-45 e o 24,5% dos comprendidos entre 46-60.

#### Falta de vixancia policial

Este factor, co que concorda o 25,4% dos inquiridos insatisfeitos, alcanza un rexistro maior na zona urbana (30,2%) que na rural (19,4%) e semiurbana (27,7%). Por distritos, o 3 (41,9%), 4 (34,8%) e 6 (31,0%) son os máis sensíbeis contra o 5 (10,0%), 2 e 9 (17,9%) e 7 (21,1%).

### Lense/escóitanse moitos sucesos

Os inquiridos insatisfeitos na zona rural manifestáronse máis influenciados por este factor (36,1%) que os da urbana (18,9%) e semiurbana (26,4%). Por distritos, son o 6 (86,2%), 7 (45,6%) e 9 (42,9%) contra o 4 e 5 (0,0%), 8 (12,5%) e 1 (16,7%).

Por xénero as mulleres tamén están máis influenciadas (28,7%) que os homes (20,3%) así como os menores de 30 anos (30,6%) e maiores de 60 (28,6%) fronte aos outros grupos de idade (17,0% dos comprendidos entre 46-60 e 22,8% nos comprendidos entre 31-45).

### A existencia de xente conflitiva

A identificación con este parámetro por zonas varía entre o 27,8% e 27,3% da rural e semiurbana e o 19,8% da urbana. Os distritos máis influenciados son o 7 (40,8%), 8 (37,8%) e 1 (29,2%) contra o 6 (0,0%), 4 (8,6%) e 5 (10,0%).

Por xénero, a proporción de homes identificado con este parámetro (26,8%) supera á das mulleres (15,5%), así como os grupos de menor idade (29,1% nos comprendidos entre 31-45 e 27,8% nos menores de 30).

### Depende da zona/barrio

Cun índice de identificación global do 20,2%, é maior na rural (27,8%) e urbana (23,6%) que na semiurbana (14,5%). Por distritos, os maiores valores corresponden ao 5 (40,0%), 3 (35,5%) e 9 (32,1%) contra o 8 (12,5%), 6 (13,4%) e 7 (15,5%).

Os homes identifícanse máis que as mulleres (21,1% contra o 13,4%), así como o grupo de maior idade (23,8%) contra os comprendidos entre 31-45 (17,7%).

### Accidentes de tráfico (atropelos)

A cidadanía do rural é máis sensíbel a este parámetro (30,6%) fronte á semiurbana (13,6%) e urbana (18,9%), así como nos distritos 3 (38,7%), 9 (35,7%) e 4 (26,1%) contra o 1 (0,0%), 2 (7,1%) e 8 (12,5%).

Se ben homes e mulleres valoran de forma semellante este aspecto (18,7% e 17,8%, respectivamente), por idades son as persoas con maior idade as máis identificadas (20,8% no

caso dos comprendidos entre 46-60 e 20,2% nos maiores de 60) contra os menores de 30 (13,9%) e comprendidos entre 30-45 (16,5%).

#### Existencia de pandillas

O 15,1% da cidadanía residente na zona urbana insatisfeita coa seguranza cidadá no municipio identifícase con este parámetro en maior medida que a da semiurbana (12,7%) e rural (13,9%), así como a dos distritos 8 e 2 (25,0% ambos os dous) e 7 (18,3%) contra o 6 (0,0%), 3 (9,7%) e 9 (10,7%).

Por xénero, os homes manifestan unha maior identificación (15,4%) que as mulleres (12,4%), así como os menores de 30 anos (22,2%).

#### Problemas coa inmigración

A zona urbana (17,9%) así como os Distritos 2 (25,0%), 4 (21,7%) e 3 (16,1%) son os máis preocupados con este aspecto fronte á semiurbana (9,1%) e rural (11,1%) así como os Distritos 5 e 6 (0,0%) e 1 (8,3%).

Por xénero, a proporción dos homes (17,1%) case duplica á das mulleres (9,3%), así como, por idades, é maior a preocupación dos comprendidos entre 31 e 45 (21,5%) contra a dos comprendidos entre 46-60 (7,5%) ou menores de 30 (8,3%).

#### Roubos con violencia e intimidación

Este parámetro presenta rexistros semellantes na zona urbana (14,2%) e rural (13,9%), sendo os distritos 3 (25,8%) e 2 (21,4%) os máis sensibilizados.

Por xénero, o grao de preocupación dos homes (16,3%) supera ao das mulleres (10,1%) e por idades, a dos máis novos (16,6%) e os comprendidos entre 31-45 (15,2%) é superior á dos maiores de 60 (10,7%).

#### Maior grao de violencia

Por zonas, a urbana (14,2%) cuatricula á semiurbana (3,6%) e triplica á rural (5,6%), mostrándose a cidadanía residente nos Distritos 3 (25,8%), 1 e 8 (12,5%) máis preocupada con este parámetro contra a do 7 (2,8%), 6 (3,4%) e 4 (4,3%).



Por xénero, a identificación das mulleres (11,6%) duplica á dos homes (4,9%) así como a das persoas maiores de 60 anos (10,7%) á dos menores de 30 (5,6%).

## Ensino

Rede educativa (colexios e escolas públicas)

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p < 0,05$ )					
Home	2,7	12,2	57,9	20,3	6,9
Muller	1,8	11,9	53,9	26,2	6,2
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	3,6	16,5	56,4	15,9	7,5
31-45	2,1	12,7	55,3	24,6	5,4
46-60	2,4	10,5	58,4		
>60	1,3	9,8	53,8	27,0	8,1
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	3,8	13,1	59,0	19,3	4,9
Estudante	2,4	14,3	51,2	23,8	8,3
Traballador activo	1,9	12,1	56,5	23,5	5,9
Xubilado	1,4	10,0	52,9	26,9	8,8
GLOBAL	2,2	12,1	55,9	23,3	6,5

A normalización da lingua galega

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p < 0,05$ )					
Home	18,4	36,3	30,9	6,1	8,4
Muller	20,2	31,2	30,6	6,1	11,9
Idade ( $p < 0,05$ )					
18-30	27,4	36,3	20,7	4,7	10,9
31-45	19,3	35,3	30,0	5,7	9,7
46-60	15,8	33,7	35,6	7,5	7,5
>60	17,2	29,8	34,0	6,0	13,0
Situación laboral ( $p < 0,05$ )					
Desempregado	22,4	30,8	29,7	7,5	9,5
Estudante	28,6	37,5	18,5	2,4	13,1
Traballador activo	16,9	36,5	32,6	6,1	7,9
Xubilado	17,9	28,8	32,5	5,8	15,1
GLOBAL	19,3	33,7	30,7	6,1	10,2

En xeral, mulleres (80,1%) e homes (78,3%) están conformes coa rede educativa existente en Vigo. O índice de satisfacción global das persoas entrevistadas foi do 79,2%, unha porcentaxe superada na zona urbana (81,8%) fronte á rural (72,0%) e semiurbana (78,4%).

Por distritos, os maiores índices de satisfacción con este parámetro áchanse no 1 (89,5%), 3 (86,0%) e 4 (82,2%) contra o 71,1% do Distrito 2, 71,3% do 9 e 72,9% do 8.

Por idades a maior satisfacción prodúcese nos comprendidos entre 46-60 anos (81,6%) e nos maiores de 60 (80,6%). Nos estudantes a satisfacción alcanza o 75,0% contra o 80,1% dos traballadores activos e 79,8% dos xubilados.

Relativamente á lingua galega, máis da metade (53,0%) están insatisfeitos coa súa normalización contra o 36,8% que se manifestan satisfeitos. Homes (36,9%) e mulleres (36,7%) mostran un nivel de satisfacción semellante. Por idades, os máis satisfeitos son os comprendidos entre 46-60 anos (43,0%) e polos maiores de 60 (40,0%) contra os menores de 30 (25,4%).

Por zonas, a urbana é máis satisfeita (38,3%) que a semiurbana (34,3%) e rural (37,8%). Os Distritos 1, 2 e 9, co 47,6%, 42,7% e 38,9%, respectivamente, son os máis satisfeitos fronte ao 5 (18,3%), 4 (33,8%) e 3 (35,6%).

## Participación e xestión municipal

### Participación cidadá

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
<b>Xénero (p&gt;0,05)</b>					
Home	13,2	34,5	39,2	7,9	5,2
Muller	11,8	31,5	39,2	10,5	7,0
<b>Idade (p&lt;0,05)</b>					
18-30	13,7	34,6	34,6	9,2	7,8
31-45	12,4	36,0	39,9	7,1	4,6
46-60	13,1	33,1	41,8	9,1	2,8
>60	11,3	27,9	38,9	11,9	10,0
<b>Situación laboral (p&lt;0,05)</b>					
Desempregado	14,9	35,0	35,9	8,6	5,5
Estudante	11,9	32,1	39,9	7,7	8,3
Traballador activo	12,0	35,5	41,2	8,0	3,3
Xubilado	11,4	25,3	37,8	13,2	12,3
GLOBAL	12,5	32,9	39,2	9,2	6,2

## Eficiencia da atención cidadá dos servizos administrativos do Concello

	Moi insatisfeito	Insatisfeito	Satisfeito	Moi satisfeito	NS/NR
Xénero ( $p>0,05$ )					
Home	17,7	31,1	37,8	5,6	7,7
Muller	17,9	32,6	34,7	5,3	9,4
Idade ( $p<0,05$ )					
18-30	16,2	34,6	32,4	3,4	13,4
31-45	17,9	33,6	38,2	3,6	6,7
46-60	21,2	31,1	36,0	6,3	5,5
>60	15,7	28,7	36,8	8,3	10,6
Situación laboral ( $p<0,05$ )					
Desempregado	18,2	32,2	36,1	6,7	6,9
Estudante	13,1	30,4	32,7	3,6	20,2
Traballador activo	20,6	33,4	36,2	3,7	6,0
Xubilado	13,0	28,8	37,8	8,8	11,6
GLOBAL	17,8	31,9	36,2	5,5	8,6

A participación da cidadanía viguesa na comunidade local é valorada positivamente polo 48,4% das persoas entrevistadas, sen producirse unha diferenza significativa nas respostas de homes (47,1%) e mulleres (49,7%). Por idades son os dos tramos maiores os que manifestan unha valoración máis satisfactoria (50,9% no caso dos comprendidos entre 46-60 e 50,8% nos maiores de 60 anos) contra os máis novos (43,9% nos menores de 30), así como a das persoas xubiladas (51,0%) e traballadores activos (49,2%) fronte aos desempregados (44,6%) ou estudantes (47,6%).

Por zonas, a rural (53,8%) e urbana (50,2%) móstranse máis satisfeitas que a semiurbana (43,7%). Os distritos máis satisfeitos con este parámetro son o 8 (61,2%), 3 (56,8%) e 4 (51,9%) contra o 5 (32,1%) 6 (40,1%) e 2 (41,4%).

Relativamente á calidade da atención cidadá dos servizos administrativos ofrecidos polo Concello, o número de persoas satisfeitas (45,1%) é levemente superior ao das insatisfeitas (44,4%), cun índice de NS/NR de 10,6%. Por idades, os grupos máis satisfeitos son os maiores de 60 anos (45,1%) e os comprendidos entre 46-60 (42,2%) contra os menores de 30 (35,8%).

### 3. VALORACIÓN DA EVOLUCIÓN RECENTE DOS PRINCIPAIS SERVIZOS E ASPECTOS DE INTERESE.

A análise sobre a percepción relativa á evolución recente da cidade (os últimos catro anos) en relación cos principais servizos e outros elementos de interese deu o seguinte resultado:

	IGUAL	MELLOR	PIOR	NS/NR
O atractivo para os turistas	38,8	<b>51,3</b>	7,7	2,2
A utilización xeneralizada das novas tecnoloxías	28,1	<b>55,8</b>	4,1	12,0
A atención cidadá dos servizos administrativos do Concello	<b>53,0</b>	19,9	18,1	9,0
A calidade da hostalaría	<b>44,8</b>	42,3	10,0	2,9
A calidade da oferta comercial	36,9	<b>44,9</b>	16,3	1,9
A integración da cidade no entorno metropolitano	<b>39,0</b>	28,6	13,9	18,5
A normalización do Galego	<b>42,9</b>	22,8	25,0	9,3
Os servizos de transporte público entre Vigo e o seu entorno	<b>38,2</b>	34,8	19,6	7,4
As conexións por avión	27,1	18,4	<b>42,5</b>	12,1
A situación da economía doméstica	27,8	7,9	<b>63,0</b>	1,3
A capacidade de atracción de novas empresas	<b>39,4</b>	13,6	37,5	9,5
A tolerancia con respecto á inmigración	<b>40,9</b>	26,9	26,0	6,2
Facilidade para aparcar na cidade (en superficie)	9,1	5,5	<b>82,3</b>	3,0
Facilidade de estacionamento nos aparcamentos	21,6	25,8	<b>48,3</b>	4,3
O ruído na cidade	43,0	7,0	<b>49,3</b>	0,6

Os aspectos que a maior porcentaxe de cidadáns estima que melloraron foron a utilización xeneralizada das novas tecnoloxías (55,8%), o atractivo para os turistas (51,3%) e a calidade da oferta comercial (44,9%).

Por outra parte, mantivéronse sen grandes variacións a atención cidadá dos servizos administrativos do Concello (53,0%), a calidade da hostalaría (44,8%), a normalización da lingua galega (42,9%), a tolerancia con respecto á inmigración (40,9%), a capacidade de atracción de novas empresas (39,4%), a integración da cidade no entorno metropolitano (39,0%) e os servizos de transporte público entre Vigo e o seu entorno (38,2%).

As porcentaxes obtidas pola facilidade para estacionar en superficie na cidade (82,3%), a situación da economía doméstica dos cidadáns (63,0%), o nivel de ruído na cidade (49,3%), a facilidade de estacionamento nos parques de estacionamento (48,3%) e as conexións por avión (42,5%) mostra que se trata de parámetros que viron agravada a súa valoración cidadá.

### O atractivo para os turistas

A maioría das persoas entrevistadas (51,3%) consideran que o atractivo de Vigo para os turistas ten aumentado nos últimos catro anos, percepción compartillada sen diferenzas significativas entre homes (52,3%) e mulleres (50,3%). Por idades os máis satisfeitos coa súa evolución son os maiores de 60 (54,2%) e os comprendidos entre 31-45 (53,6%), do mesmo xeito que, segundo a situación socio-laboral, os xubilados (55,5%) e estudantes (53,0%).

Por zonas a semiurbana é a que considera en maior proporción (58,7%) que esta evolución ten sido positiva fronte á rural (42,7%) e urbana (48,5%). Os distritos máis satisfeitos con esta evolución son o 6 (71,1%), 3 (70,5%) e 5 (65,1%) fronte ao 9 (29,9%), 4 (38,1%) e 1 (39,9%).

### A utilización xeneralizada das novas tecnoloxías

Relativamente á evolución deste parámetro nos últimos catro anos, un 55,8% considera que mellorou (57,1% no caso dos homes e 54,6% no das mulleres). Por idades, os segmentos que máis valoran esta evolución son os comprendidos entre 46-60 anos (60,4%) e os menores de 30 (57,5%) contra os maiores de 60 (50,0%). Alén diso, os desempregados (59,0%) e traballadores activos (57,6%) manifestan unha valoración maior que os xubilados (48,3%).

### A atención cidadá dos servizos administrativos do Concello

Nos últimos catro anos a maioría das persoas inquiridas (53,0%) consideran que este parámetro ficou igual, un 19,9% que mellorou e un 18,1% que ten piorado. Por zonas, a semiurbana é a que manifesta un balanço máis positivo (26,8%) contra o 17,4% da urbana e 11,2% da rural. Por distritos, os máis satisfeitos coa evolución deste parámetro son o 6 (34,0%), 5 (28,4%) e 3 (27,4%) contra o 9 e 4 (8,3% ambos os dous) e 1 (14,0%). Alén diso, os grupos de máis idade presentan unha valoración máis positiva (23,0% no caso dos maiores de 60 e 22,2% nos de 46-60). Desempregados (24,6%) e xubilados (23,2%) mostran un balanço positivo contra os estudantes (11,3%) e traballadores activos (17,6%).

### A calidade da hostalaría

O 42,3% das persoas inquiridas consideran que a calidade da hostalaría en Vigo experimentou unha evolución positiva, un 10,0% que piorou e un 44,8% que ficou igual. Non existen diferenzas significativas nas respostas de homes (41,5%) e mulleres (42,9%), mani-

festándose os residentes da zona semiurbana (45,8%) máis optimistas coa súa evolución que os da rural (36,0%) e urbana (41,5%). Por distritos, os máis satisfeitos coa evolución deste parámetro nos últimos anos é o 3 (66,8%), 5 (61,5%) e 7 (45,1%) contra o 4 (20,6%), 9 (31,8%) e 6 (38,6%). Por idades, as persoas maiores de 60 son as máis satisfeitas coa súa evolución (46,0%) contra os comprendidos entre 31-45 (39,8%), así como os estudantes (49,4%) e xubilados (48,5%) contra os traballadores activos (37,6%).

#### A calidade da oferta comercial

A evolución da calidade da oferta comercial é valorada positivamente polo 44,9% das persoas entrevistadas, un 16,3% considera que se viu agravada e un 36,9% que se mantivo igual. A diferente valoración de homes (45,3%) e mulleres (44,5%) non é significativa, mostrándose novamente máis satisfeitos a maioría dos maiores de 60 anos (53,4%) contra os comprendidos entre 46-60 (39,4%). Do mesmo xeito, os xubilados (55,0%) son os máis satisfeitos coa súa evolución contra os traballadores activos (39,0%). Por zonas, a rural mostrouse máis satisfeita (62,9%) que a semiurbana (48,7%) e a urbana (37,1%). Por distritos, os máis satisfeitos son o 5 (63,3%), 8 (59,7%) e 3 (57,2%) contra o 4 (24,4%), 1 (28,7%) e 2 (36,2%).

#### A integración da cidade no entorno metropolitano

A integración da cidade no entorno metropolitano nos últimos catro anos é valorada positivamente polo 28,6% das persoas entrevistadas (un 39,0% consideran que se mantiveron igual e un 13,9% que pioraron). Por xénero, as mulleres (30,3%) están máis satisfeitas con este indicador que os homes (26,8%) así como os maiores de 60 anos (31,5% contra o 26,5% dos comprendidos entre 31-45) e os xubilados (30,6% contra o 25,6% dos estudantes). Por zonas, a semiurbana (36,8%) mostrouse máis satisfeita coa evolución deste indicador que a urbana (24,9%) e rural (21,3%). Entre os distritos máis satisfeitos destacan o 5 (42,2%), 7 (38,9%) e 8 (32,6%) contra o 9 (12,1%), 2 (22,4%) e 3 (23,3%).

#### A normalización da lingua galega

O avance na normalización do galego nos últimos catro anos foi valorada positivamente polo 22,8% das persoas entrevistadas. Un 25,0% achan que piorou e un 42,9% que se mantivo igual. Neste indicador as mulleres mostráronse levemente máis satisfeitas (23,2%) que os homes (22,5%), así como as persoas comprendidas entre 46-60 anos (30,1%, contra o 17,0% das comprendidas entre 31-45) e os xubilados (24,6% contra o 17,9% dos

estudantes). Por zonas, a urbana (24,5%) manifestouse máis satisfeita que a rural (20,3%) e semiurbana (21,5%). Os distritos máis satisfeitos foron o 1 (30,8%), 2 (25,0%) e 6 (24,9%) contra o 5 (6,4%), 9 (17,2%) e 4 (21,5%).

#### Os servizos de transporte público existentes entre Vigo e o seu entorno

A valoración da evolución dos servizos de transporte público existentes entre Vigo e o seu entorno nos últimos catro anos é positiva para o 34,8%, igual para o 38,2% e peor para o 19,6%. Esta valoración é maior nas mulleres (35,8%) que nos homes (33,7%), máis nas persoas maiores de 60 anos (44,3%) que nos de 31-45 (26,5%) así como polos xubilados (45,0%) que polos traballadores activos (29,3%). Por zonas, a cidadanía residente na semiurbana (40,2%) mostrouse máis satisfeita que a da urbana (33,3%) e rural (26,9%). Os distritos máis satisfeitos coa evolución deste indicador son o 5 (54,1%), 8 (49,6%) e 7 (44,8%) contra o 9 (8,3%), 6 (22,8%) e 1 (25,9%).

#### As conexións por avión

Pola súa transcendencia social, preguntouse pola valoración relativa ás conexións por avión do municipio de Vigo. Un 42,5% manifestou que estas pioraran, un 27,1% que se mantiveran igual e un 18,4% que tiñan mellorado. Os homes son máis críticos (43,6%) que as mulleres (41,4%), así como as persoas comprendidas nos tramos de idade máis novos (49,4% no caso dos comprendidos entre 31-45 e 47,2% nos menores de 30). Igualmente, desempregados (47,9%) e estudantes (46,4%) manifestáronse máis críticos que os xubilados (29,9%).

#### A situación da economía doméstica

Inquiridos pola evolución nos últimos catro anos da situación da súa economía doméstica, un 63,0% manifestou que esta tiña piorado, un 27,8% que se mantivera igual e un 7,9% que tiña mellorado. Por xénero, as mulleres mostráronse máis afectadas (64,3%) que os homes (61,5%), así como as persoas de maior idade (65,5% no caso dos comprendidos entre 46-60 anos e 65,3% dos maiores de 60). En función da súa situación socio-laboral, o agravamento da situación da economía doméstica dos desempregados (76,7%) e xubilados (64,7%) supera á dos traballadores en activo (59,3%) e estudantes (42,3%). Por zonas, a rural (76,2%) e semiurbana (72,2%) mostráronse máis afectadas por este agravamento da economía doméstica que a urbana (52,8%). Neste sentido, os distritos máis afectados foron o 8 (88,4%), 7 (79,3%) e 1 (70,6%) contra o 3 (38,0%), 2 (52,6%) e 4 (57,9%).

### A capacidade de atracción de novas empresas

A evolución da capacidade de Vigo para atraer novas empresas nos últimos catro anos é valorada positivamente polo 13,6% das persoas inquiridas contra un 37,5% acha que esta se agravou e un 39,4% que se mantivo igual. Os homes (14,5%) móstranse levemente máis satisfeitos con este parámetro que as mulleres (12,8%) así como as persoas maiores de 60 anos (15,5%) contra o 12,3% dos comprendidos entre 31-45. Igualmente, os estudantes (16,7%) e xubilados (16,2%) contra os desempregados (11,3%). Por zonas, a semiurbana móstrase máis satisfeita (17,0%) contra a rural e urbana (12,6% e 11,5%, respectivamente). Os distritos máis satisfeitos coa evolución recente deste parámetro son o 6 (25,9%), 8 (15,5%) e 2 (14,7%) contra o 1 (7,7%), 4 (8,6%) e 9 (10,2%).

### A tolerancia con respecto á inmigración

Un 40,9% dos vigueses/as inquiridos considera que a tolerancia con respecto á inmigración nos últimos catros anos ficou igual, un 26,9% que tiña mellorado e un 26,0% que se agravara. Sen unha relación de significancia estatística, os homes (26,5%) consideran en maior grao que as mulleres (25,6%) que esta ten piorado. Por idades, os máis críticos son os comprendidos entre 46-60 anos (28,1%) e os que teñen entre 31-45 (27,1%), así como os traballadores en activo (29,0%) contra os estudantes (20,2%). Por zonas, destaca a valoración negativa da semiurbana (30,8%) contra a urbana (24,7%) e rural (18,9%), así como os Distritos 6, 5 e 4 (48,2%, 37,6% e 31,5%, respectivamente) contra o 9, 3 e 1 (14,6%, 20,2% e 21,7%, respectivamente).

### O ruído na cidade

Inquiridos sobre a valoración da evolución experimentada nos últimos catros anos polo ruído na cidade, un 49,3% manifestou que se tiña agravado, un 43,0% que se mantivera igual e un 7,0% que mellorara. Sen producirse diferenzas significativas nas respostas de homes e mulleres (49,6% e 49,0%, respectivamente), as persoas máis maiores son máis críticas coa situación dos ruídos na cidade (57,2% no caso dos maiores de 60 anos e 58,9% no caso dos xubilados). A zona semiurbana é a máis crítica (59,8%) que a rural (45,8%) e urbana (42,9%), así como os distritos 6 (67,5%), 7 (60,1%) e 1 (52,4%). Polo contrario, os Distritos 3 e 8 presentan a maior proporción das persoas que consideran que a situación ten mellorado (24,0% e 13,2%, respectivamente).



### 3.1 COMPARACIÓN COS RESULTADOS DA ENQUISA DE 2007

A seguir son comparados os resultados obtidos nesta “Enquisa de percepción cidadá sobre a calidade de vida no municipio de Vigo” cos parámetros do Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A-1[5] editado en 2007 pola Oficina do Valedor do Cidadán de Vigo.

#### 3.1.1 Grao de satisfacción global

O grao de satisfacción da cidadanía de Vigo como lugar para vivir e traballar mantense, dentro do período analizado, en niveis elevados (88,8%). Con respecto ao indicador do ano 2007 experimenta un incremento do 20,0%.

Este parámetro evoluiu nos últimos catro anos da seguinte maneira: obsérvase que cada vez hai unha maior porcentaxe de poboación “satisfeita” (de 20,0% a 42,8%) e unha diminución considerábel da “moi satisfeita” (de 54,0% a 46,0%). Polo contrario, diminúe a proporción de poboación “insatisfeita” (de 20,0% a 8,4%) e a da “moi insatisfeita” (de 3,7% a 1,9%).

A teor destas consideracións, pódese afirmar que a evolución do grao de satisfacción global da cidadanía viguesa co seu municipio como lugar para vivir e traballar experimenta unha evolución positiva.

#### 3.1.2 Grao de satisfacción por parámetros analizados

Entre os parámetros analizados o nivel de satisfacción aumenta en todos eles, excepto a posibilidade de encontrar un emprego e os servizos culturais e de lecer, que experimenta unha baixada de 32,6% e 8,2%, respectivamente.

	2007	2011
Satisfacción de vivir e traballar en Vigo	74,0	88,8
Limpeza da cidade	63,8	69,0
Oportunidades laborais	36,5	24,6
Mobilidade e tráfico	16,0	29,5
Acceso e calidade da vivenda	35,7	24,5 <sup>3</sup>
Seguranza cidadá	60,6	89,1
Calidade do espazo construído	46,8	70,2

3) Valor do parámetro “Acceso a unha vivenda a un prezo razoábel”. O parámetro “Calidade da vivenda construída” obtivo unha satisfacción do 59,1%.

Transporte público	50,5	70,1
Rede educativa	65,8	79,2
Servizos sociais e de saúde	52,9	58,2 <sup>4</sup>
Zonas verdes	59,0	74,9
Porto da cidade	60,9	77,8
Servizos culturais e de ocio	60,9	55,9 <sup>5</sup>

Experimentaron un incremento na súa valoración os seguinte parámetros que en 2007 tiñan unha valoración satisfactoria: transporte público na cidade (do 50,5% ao 70,1%), seguranza cidadá (do 60,6% ao 89,1%), porto da cidade (do 60,9% ao 77,8%), zonas verdes (do 59,0% ao 74,9%), a rede educativa (do 65,8% ao 79,2%), servizos sociais e de saúde (do 52,9% ao 58,2%), e o servizo de limpeza e recollida de lixo (do 63,8% ao 69,0%).

Existe outro parámetro que remontou o nivel de satisfacción, superando os niveis de 2007 en que xeraban insatisfacción: calidade do espazo construído (do 46,8% ao 70,2%).

Sen embargo, outros factores seguen a xerar insatisfacción: uns que melloran a súa valoración como a mobilidade e o tráfico (do 16,0% ao 29,5%) e outros, como a accesibilidade á vivenda (do 35,7% ao 24,5%) ou as oportunidades laborais (do 36,5% ao 24,6%), que a ven piorada.

A seguir reflíctense as variacións experimentadas polos diferentes servizos:

Parámetros que experimentan un maior incremento de valoración desde 2007:

1. Mobilidade e tráfico: + 84,4%
2. Calidade do espazo construído: + 50,0%
3. Seguranza cidadá: + 47,0%
4. Servizo de transporte público: + 38,8%

Parámetro que diminúe o grao de satisfacción desde 2007:

1. Oportunidades laborais: -32,6%
2. Servizos culturais e de lecer: - 8,2%

4) Valor agregado da valoración cidadá dos parámetros rede de asistencia social da cidade (satisfacción de 50,6%) e a asistencia sanitaria e hospitalar (68,0%).

5) Valor agregado da valoración cidadá dos parámetros servizos culturais (satisfacción de 59,4%) e oferta de lecer e esparecemento (52,3%).

## **4. ESTUDO COMPARATIVO CON OUTRAS CIDADES**

### **4.1 Análise comparativa con outras cidades do seu entorno.**

### **4.2 Análise comparativa con outras cidades europeas**

4.2.1 Valoración xeral de Vigo en relación á media de cidades Urban Audit.

4.2.2 Valoracións da calidade de vida na cidade e cos servizos municipais.

A) Valoracións da calidade de vida na cidade

- Facilitade para chegar con diñeiro no fin de mes
- Seguranza cidadá
- Seguranza cidadá na zona de residencia
- A limpeza na cidade
- Gasto responsábel dos recursos
- Contaminación atmosférica
- A contaminación acústica
- Oportunidades laborais
- Integración dos estranxeiros
- Calidade do espazo construído
- Accesibilidade da vivenda

B) Índice de satisfacción cos equipamentos e servizos da cidade.

- Satisfacción co transporte público
- Satisfacción coas instalacións deportivas
- Satisfacción cos espazos verdes
- Satisfacción cos equipamentos culturais
- Servizos administrativos eficientes
- Satisfacción coa asistencia sanitaria e hospitalar

## 4.1 ANÁLISE COMPARATIVA DE PROXIMIDADE CON CIDADES DO SEU ENTORNO

Valorando no seu conxunto os once aspectos formulados con respecto a outras cidades próximas (A Coruña, Ourense, Pontevedra, Santiago,...), o 39,4% da poboación entrevistada considera que Vigo é igual, 27,4% que é peor e 26,1% que é mellor. Un 7,1% evitou pronunciarse.

	IGUAL	MELLOR	PIOR	NS/NR
O atractivo turístico de Vigo	36,8	<b>38,1</b>	21,5	3,5
Infraestructura hostelaira e de restaurantes	<b>47,0</b>	37,5	11,6	3,9
Calidade de vida	<b>42,8</b>	31,0	23,8	2,5
Nível formativo da poboación viguesa	<b>55,8</b>	23,2	11,4	9,5
Nível de integración das persoas desfavorecidas	<b>36,6</b>	23,5	26,0	13,9
Infraestructura comercial (comercios, centros comerciais,...)	37,8	<b>44,7</b>	15,0	2,5
Oferta de equipamentos culturais e deportivos	<b>39,8</b>	26,0	19,7	14,5
Dinamismo para crear e atraer empresas	<b>35,7</b>	30,1	23,1	11,1
Problemas de tráfico	25,5	5,9	<b>66,3</b>	2,3
Facilidades para encontrar traballo	34,1	16,5	<b>42,6</b>	6,8
Acceso á vivenda	<b>41,3</b>	10,6	<b>40,1</b>	8,0

Unha análise máis pomenorizada mostra unha situación claramente vantaxosa de Vigo no relativo á infraestructura comercial (comercios, centros comerciais,...) e ao atractivo turístico de Vigo.

A situación ficou igual con respecto ao nivel formativo da poboación, a infraestructura hostelaira e de restauración, a calidade de vida, o acceso á vivenda, a oferta de equipamentos culturais e deportivos, o nivel de integración das persoas desfavorecidas e o dinamismo para crear e atraer empresas.

Vigo resulta peor valorado polos cidadáns inquiridos nesta comparativa coas cidades do seu entorno en canto aos problemas co tráfico e ás oportunidades de emprego.

## 4.2 ANÁLISE COMPARATIVA CON OUTRAS CIDADES EUROPEAS


Este apartado recolle a valoración da cidadanía viguesa sobre a calidade de vida no municipio de Vigo e a súa comparación coa valoración realizada por cidadáns europeos sobre a calidade de vida das súas cidades através da Enquisa de Percepción do Urban Audit en

75 cidades europeas. O Anexo 2 recolle as cidades europeas que participaron na enquisa Urban Audit, así como a súa poboación. A análise deste apartado é feita con base nos valores medios para o conxunto de cidades europeas, tamén se realiza oportuna mención dos datos específicos das cidades mellor e peor situadas.

Para realizar esta análise son tomados como partida os datos dispoñíbeis da enquisa Urban Audit (porcentaxe de poboación por cidade que mostra cada nivel de satisfacción ou grao de acordo por iten preguntado) e os correspondentes resultados obtidos na enquisa de percepción viguesa

### 4.2.1 Valoración xeral de Vigo en relación á media de cidades Urban Audit

A seguinte tabela recolle os resultados do conxunto de aspectos valorados pola cidadanía viguesa, así como as medias europeas Urban Audit. Como se pode observar, a cidadanía viguesa sitúa á súa cidade nunha posición moderadamente favorábel relativamente á media europea.



- |  |  |
|--|--|
| 1. Dificultades para chegar a fin de mes     | 10. Accesibilidade da vivenda                          |
| 2. Seguridade cidadá                         | 11. Satisfacción co transporte público                 |
| 3. Seguridade cidadá residencia              | 12. Satisfacción con equipamentos deportivos           |
| 4. Limpeza cidade                            | 13. Satisfacción con espazos verdes                    |
| 5. Gasto responsábel dos recursos            | 14. Satisfacción con equipamentos culturais            |
| 6. A contaminación atmosférica é un problema | 15. Calidade do espazo construído                      |
| 7. O ruído é un problema                     | 16. Servizos administrativos eficientes                |
| 8. Oportunidades laborais                    | 17. Satisfacción con asistencia sanitaria e hospitalar |
| 9. Os estranxeiros están ben integrados      |  |


Un dos aspectos máis directamente relacionado coa calidade de vida global da cidade ou coa imaxe da mesma, o sentimento de seguranza na cidade, resulta un dos mellor posicionados (87%) fronte ao 84% de media Urban Audit. A seguranza cidadá da zona de residencia da cidadanía (89%) sitúase no nivel da media europea (90%).

A limpeza da cidade (valorada con 69% fronte ao 58% obtido de media Urban Audit) e a satisfacción cos equipamentos deportivos (66% Vigo fronte a 58% de media Urban Audit) supoñen tamén unha posición ventaxosa na comparativa coa media europea, ao igual que a valoración sobre a integración da poboación estranxeira (62% Vigo fronte ao 49%).

Polo contrario, Vigo áchase en desvantaxe en relación coa media europea en aspectos como as dificultades da xente para chegar a fin de mes (valorada polo 44% fronte ao 27% da media obtida no Urban Audit), a percepción do ruído como un problema da cidade (74% Vigo fronte ao 59% da media europea), o gasto responsábel dos recursos (36% Vigo fronte ao 41% da media Urban Audit), a accesibilidade á vivenda (25% Vigo fronte ao 31% da media europea), a satisfacción cos equipamentos culturais (59% Vigo fronte ao 80% da media europea), a calidade do espazo construído (71% Vigo fronte ao 75% da media Urban Audit), a eficiencia dos servizos administrativos na atención ao cidadán (42% Vigo fronte ao 52% da media europea) e a satisfacción coa asistencia sanitaria e hospitalar (68% Vigo fronte ao 72% da media europea).

Nos restantes aspectos a distancia existente entre a media europea e a valoración obtida por Vigo é escasa e favorábel, no seu conxunto, á nosa cidade. Así, a satisfacción cos espazos verdes (74% Vigo fronte a 75% da media europea), a satisfacción do servizo do transporte público (70% en Vigo fronte a 69% da media europea), a valoración da contaminación atmosférica (62% en Vigo fronte a 61% da media Urban Audit) e as oportunidades laborais (25% Vigo fronte 27% da media europea).

É de interese analizar a resposta que os distintos temas suscitaron na cidadanía inquirida, na medida en que ilustra o grao de coñecemento e/ou de opinión que cada tema provoca entre a poboación. A tabela seguinte reflicte ese grao a partir da proporción de respostas “Non Sabe/Non Responde” (NS/NR) en Vigo e na media das cidades Urban Audit.



- |  |  |
|--|--|
| 1. Dificultades para chegar a fin de mes     | 10. Accesibilidade da vivenda                          |
| 2. Seguridade cidadá                         | 11. Satisfacción co transporte público                 |
| 3. Seguridade cidadá residencia              | 12. Satisfacción con equipamentos deportivos           |
| 4. Limpeza cidade                            | 13. Satisfacción con espazos verdes                    |
| 5. Gasto responsable dos recursos            | 14. Satisfacción con equipamentos culturais            |
| 6. A contaminación atmosférica é un problema | 15. Calidade do espazo construído                      |
| 7. O ruído é un problema                     | 16. Servizos administrativos eficientes                |
| 8. Oportunidades laborais                    | 17. Satisfacción con asistencia sanitaria e hospitalar |
| 9. Os estranxeiros están ben integrados      |  |

O uso responsable dos recursos (12% Vigo, 19% de media Urban Audit) e a satisfacción cos equipamentos deportivos (11% Vigo, 21% de media europea), seguidos pola accesibilidade da vivenda (9% Vigo, 11% de media europea) e os servizos administrativos eficientes (9% Vigo, 16% de media europea) concentran as porcentaxes máis elevadas de resposta NS/NR en favor de Vigo ao mostrar maior grao de coñecemento e/ou de opinión. Na maioría de factores, a distancia entre a media Urban Audit e a porcentaxe NS/NR viguesa é en favor de Vigo.

No caso da seguridade cidadá (1%), seguridade cidadá no lugar de residencia (0%) e a contaminación atmosférica é un problema (3%) concordan as porcentaxes de NS/NR da media europea e viguesa.

## 4.2.2 Valoracións da calidade de vida na cidade e os servizos municipais

### A) Valoracións da calidade de vida na cidade

#### Facilidade para chegar con diñeiro no fin de mes

A resposta afirmativa respecto a ter dificultades para chegar a fin de mes ilustra, en certa medida, a situación persoal ou familiar dos inquiridos. Vigo (44%) *está situado nunha posición por en cima da media Urban Audit (27%)*, no nivel de Sofía (43%), Atenas (42%) ou Palermo (41%). A situación persoal/familiar dos inquiridos é peor en cidades como Istambul (65%), Nápoles (53%), Riga (52%), Valletta (50%), fronte a Aalborg (4%), Estocolmo (8%), Malmo ou Graz (9%).

#### Seguranza cidadá

*A valoración do sentimento de seguranza na cidade por parte dos vigueses (87%) supera á media europea (84%)* é equiparábel ao de cidades como Madrid e Londres (87%) e seguido a certa distancia por cidades como Lisboa (78%), Braga (83%) ou Barcelona (85%).

A maior proporción de inquiridos que se senten máis satisfeitos coa seguranza cidadá na súa cidade é a de Aalborg (99%), Oviedo (98%), Groninga (98%), Oulu (97%), Munique (95%) e Luxemburgo (96%). Istambul (50%), Irakleio (56%), Sofía (51%) son as cidades europeas cos índices de satisfacción sobre a seguranza cidadá máis baixos.

#### Seguranza cidadá na zona de residencia

*Cun grao de satisfacción do 89%, Vigo sitúase no valor da media europea (90%), ao mesmo nivel que Barcelona (89%)* e superando a cidades como Kosice (87%), Lisboa (87%), Tallinn (85%). Os valores de satisfacción máis altos rexístranse en Aalborg, Munique, Berlín, Groninga (99%), Helsinquia, Bordeus, Hamburgo, Rostock, Oviedo ou Copeñaga (98%). As cidades de Madrid (91%) e Málaga (92%) e Braga (95%) manifestan unha satisfacción superior á viguesa.

#### A limpeza da cidade

*A valoración con respecto á limpeza da cidade sitúa a Vigo (cunha satisfacción de 69%) por en cima da media europea (58%)* e detrás de cidades como Oviedo (97%), Luxembur-



go e Piatra Nea (96%) ou Munique (93%). Con relación a Lisboa (33%), Málaga (35%), Barcelona (40%) e Madrid (55%), a valoración da cidadanía viguesa é máis favorábel.

#### Gasto responsábel dos recursos

Vigo, cun grao de acordo de 36%, *sitúase abaixo da media europea (41%)*. Porén, en apenas a terceira parte das cidades analizadas no Urban Audit unha estreita maioría dos inquiridos consideran que a súa localidade gasta os seus recursos de forma responsábel. Os entrevistados en Luxemburgo, Bordeus e Piatra Neamt son os que responden con maior frecuencia que así é (69%, 67% y 65%, respectivamente). *Os valores de Vigo superan aos de Barcelona (34%), Madrid (35%) e son inferiores aos Braga (61%), Oviedo (59%), Málaga (44%) e Lisboa (42%)*.

#### A contaminación atmosférica

No contexto das valoracións da cidadanía sobre a calidade do ar e a contaminación atmosférica como un problema para cada cidade, *Vigo sitúase no 62%, un nivel equivalente á media Urban Audit (61%)*.

Unha grande parte das cidades situadas nos valores máis altos son capitais ou grandes aglomeracións (con polo menos 500.000 habitantes): Atenas (96%), Budapeste (92%), Roma (89%), Nápoles (86%), Lisboa e Madrid (85%), Varsovia (77%), París e Londres (77%) e Barcelona (76%). A excepción máis notábel entre estas cidades clasificadas nos postos baixos é Burgas, cidade con menos de 250.000 habitantes, onde 89% da poboación considera que a contaminación atmosférica constitúe un problema.

As cidades con menor número de habitantes móstranse menos proclives a considerar que a contaminación atmosférica sexa un problema. Por exemplo, Rostock (17%), Groninga (21%), Bialystok (23%), Newcastle (27%), Rennes (28%), Aalborg (29%), Oviedo e Lipsia (30%) e Piatra Neamt (32%).

#### A contaminación acústica

*A valoración do problema de ruído, Vigo sitúase nunha posición desfavorábel (74%), por en cima da media europea (59%)*. Entre as mellores situadas áchanse Groninga e Oulu, onde máis de tres cuartas partes dos inquiridos non consideran que o ruído constituía un problema na súa cidade (78% e 76%, respectivamente); só por volta dunha quinta parte

dos entrevistados nestas cidades consideran que si o é (19% e 22%, respectivamente). Porén, na maior parte das cidades restantes máis da metade dos entrevistados consideran que o ruído constitúe un problema na súa localidade, oscilando a porcentaxe entre Rotterdam e Estrasburgo (51% ambas as dúas) e Atenas (95%). *A taxa de Vigo supera a Málaga (64%), Braga (52%) e Oviedo (40%), mais resulta inferior á de Madrid (84%), Barcelona (80%) ou Lisboa (79%),*

### Oportunidades laborais

A opinión relativa ás *oportunidades de encontrar un emprego en Vigo (25%) é inferior á media Urban Audit (27%)*. Apenas en seis cidades máis da metade das persoas entrevistadas consideran fácil encontrar un traballo: Estocolmo (61%), Copeñaga (57%), Praga (56%), Munique (54%), Ámsterdam (53%) e Varsovia (52%). *En 62 das 75 cidades os inquiridos que consideran difícil encontrar un emprego superan aos que están de acordo co enunciado proposto*. O grao de satisfacción existente en Vigo é superior ao de cidades como Madrid (21%), Barcelona (17%), Lisboa (14%), Oviedo (13%), Braga (12%) e Málaga (9%).

### Integración dos estranxeiros

No relativo á integración dos estranxeiros, neste caso *Vigo ostenta unha posición (62%), que supera á media Urban Audit (49%)*.

A proporción de enquisados que están de acordo ou moi de acordo con que os estranxeiros da súa cidade están ben integrados oscila entre Atenas (20%) e Antalya (67%). Outras cidades situadas na faixa superior desta clasificación son Groninga, Cardife e Braga (66%), Cluj-Napoca e Kosice e Luxemburgo (65%). O índice de satisfacción de *Vigo supera ao de Málaga (61%), Lisboa (59%), Oviedo (53%), Madrid (38%) ou Barcelona (36%)*.

### Calidade do espazo construído

A satisfacción coa calidade do espazo construído (rúas, prazas, espazos públicos,...) rexistrada en Vigo (71%) *é levemente inferior á media europea (75%)* onde a valoración deste parámetro é, en xeral, elevada. Os residentes en Oviedo, Munique, Groninga, Malmoe, Cardife, Luxemburgo, Rennes, Newcastle e Piatra Neamt presentan os niveis de satisfacción máis elevados (entre 90-96%). Na súa maior parte, salvo a romena de Piatra Neamt, trátase de cidades situadas no norte e oeste da Europa. As cidades peor situadas encón-

transe en países do sul e leste europeo, nomeadamente Parlemo (insatisfacción do 51%) e Atenas (65%). Alén diso, Vigo supera a Málaga e Lisboa (66% ambas as dúas), situándose nuns niveis inferiores ao de Oviedo (96%), Madrid (79%) así como de Braga e Barcelona (75% ambas as dúas).

#### Accesibilidade da vivenda

Neste caso a percepción sobre a *facilidade para encontrar unha vivenda a un prezo accesíbel da cidadanía viguesa (25%) é inferior á media europea (31%)*, mais posiciónase por en cima de Munique (6%), Amsterdam (8%), Luxemburgo (9%), Lisboa (10%), Helsinquia (12%), Estocolmo e Londres (14%), Marsella, Hamburgo (16%), Viena (19%), Amberes (23%), Bruxelas, Varsovia e Copeñaga (17%), Nápoles (21%), Rennes (22%) ou Cracovia (23%).

Entre 64% e 71% dos entrevistados en Lipsia, Aalborg, Braga e Oulu encóntranse moi de acordo ou de acordo con que nas súas cidades é fácil encontrar unha boa vivenda a un prezo razoábel. Noutras seis cidades (Dortmund, Oviedo, Newcastle, Málaga, Diyarbakir e Berlín), entre 51-59% dos inquiridos está de acordo. As cidades que rexistran as maiores proporcións de cidadanía en desacordo con que é fácil encontrar unha vivenda a un prezo razoábel son: París, Roma, Lipsia, Aalborg, Braga, Luxemburgo, Munique. Unha grande parte destas cidades son capitais ou grandes cidades (no mínimo con 500.000 habitantes). A excepción máis importante entre as grandes capitais é Berlín, que é unha das dez cidades onde máis inquiridos consideran fácil encontrar unha boa vivenda a un prezo razoábel.

De resto, a valoración da facilidade para encontrar unha vivenda a prezo accesíbel en Vigo é igual á rexistrada en Barcelona (25%) e sitúase, dentre as cidades españolas analizadas, por baixo de Oviedo (66%), Málaga (53%) e Madrid (33%).

## B) Índice de satisfacción cos equipamentos e servizos da cidade

#### Satisfacción co transporte público

A satisfacción co transporte público obtén en Vigo unha valoración de 70%, similar á media *Urban Audit (69%)*. O nivel de satisfacción de Vigo é inferior ao de Oviedo (82%), Madrid (78%) e Barcelona (74%) e igual ao de Málaga.

O nivel total de satisfacción, isto é, a suma dos cidadáns satisfeitos e moi satisfeitos, oscila entre 12% de Parlemo e 93% de Helsinquia. Cidades como Estrasburgo, Estocolmo, Hamburgo, Newcastle e Groninga compartillan con Hensinquia e Viena os primeiros postos da clasificación, con niveis de satisfacción superiores ao 80%. Polo contrario, entre o 50-74% dos cidadáns inquiridos de Roma, Nápoles, Nicosia e Parlemo están insatisfeitos co transporte público da súa cidade.

#### Satisfacción coas instalacións deportivas

*Os equipamentos deportivos de Vigo obteñen unha valoración satisfactoria (66%), superior á media Urban Audit (58%).* As cidades mellor valoradas neste aspecto son Helsinquia (92%), Oulu (89%) e Groninga (88%). Na faixa inferior da clasificación encóntranse Nápoles (28%), Bucareste (30%), Sofía (31%) e Parlemo (32%). Alén diso, o índice de satisfacción rexistrado en Vigo supera ao de Lisboa (48%), Málaga (60%), Madrid (62%) e Barcelona (63%), sendo tan só levemente superado por Oviedo (69%) e Braga (68%).

#### Satisfacción cos espazos verdes

Na valoración dos espazos verdes Vigo *obté n unha posición (74%) semellante á media Urban Audit (75%).* As puntuacións máis elevadas (entre o 92-94%) prodúcense en Malmö, Munique, Groninga, Cardife e Luxemburgo. Hai outras seis cidades onde polo menos o 90% da veciñanza está satisfeita: Lipsia e Hamburgo (93%), Bordeus, Estocolmo, Bialystok (91%) e Glasgow (90%). As cidades peor posicionadas (con menos do 40% de satisfacción) son Atenas, Palermo, Heraclion e Nicosia.

O nivel de satisfacción producido en Vigo supera os índices rexistrados en Barcelona (58%), Braga (55%), Lisboa (54%) e Málaga (53%), situándose, no entanto, por baixo de Oviedo (90%) e Madrid (79%).

#### Satisfacción cos equipamentos culturais

*Os equipamentos culturais valorados en Vigo (59%), por debaixo da media europea (80%),* sitúan á cidade por en cima de cidades como Nápoles (41%), Nicosia (55%), Ankara (52%), mais por debaixo de Cardife (96%), Viena (95%), Munique, Amsterdam ou Berlín (94%) ou Newcastle (93%). *O grao de satisfacción tamén é inferior ao de Barcelona e Madrid (82%), Oviedo (80%), Lisboa (72%), Braga (67%) ou Málaga (66%).*

### Servizos administrativos eficientes

*A valoración da eficiencia dos servizos administrativos na atención ao cidadán sitúa a Vigo (42%) por debaixo da media Urban Audit (52%). A taxa de Vigo é semellante á de cidades como Munique (40%), Istambul (41%), Roma e Bratislava (43%), se ben é superada pola rexistrada en Oviedo e Braga (65%), Lisboa (57%), Madrid (56%), Málaga (53%) e Barcelona (50%).*

### Satisfacción coa asistencia sanitaria e hospitalar

*A valoración sobre a asistencia sanitaria e hospitalar (68% para o caso de Vigo) fronte á media Urban Audit (72%) sitúa á cidade nunha posición intermedia.*

Existen grandes variacións entre os niveis de satisfacción cos servizos sanitarios e hospitalares das distintas cidades europeas. O nivel total de satisfacción, isto é, a suma de cidadáns “moi satisfeitos” e “satisfeitos”, oscila entre menos de 40% de cidades como Atenas, Bucarest e Burgas e máis de 90% en cidades como Groninga, Amberes, Viena e Bordos. O grao de satisfacción de Vigo con este parámetro supera a de cidades como Lisboa (63%) ou Málaga (67%) e son inferiores aos de Oviedo (86%), Braga (81%), Barcelona (72%) e Madrid (69%).

## DADOS A TER EN CONTA

### Valoración cidadá sobre a calidade de vida na cidade

#### 1. Grao de satisfacción global (satisfeito e moi satisfeito de vivir e traballar en Vigo):

- Valor medio: 88,8%
- Mulleres (88,9%) > Homes (87,7%)
- Idades: 46-60 anos (93,1%) > Maiores de 60 (92,4%) > 18-30 anos (82,4%)
- Situación laboral: Xubilados (93,2%) > Traballadores en activo (92,2%) > Desempregados (77,4%)
- Zonas: Urbana (91,4%) > Semiurbana (86,4%) > Rural (85,7%).

#### 2. Grao de satisfacción global por parámetros

Parámetro	Global	Zonas
Seguranza cidadá na zona de residencia	89,1	Rural (96,2%) > Urbana (89,6%) Semiurbana (85,5%)
Seguranza cidadá no municipio	86,8	Urbana (89,0%) > Rural (87,1%) > Semiurbana (83,6%)
Capacidade de atracción turística	83,1	Rural (85,0%) > Semiurbana (83,0%) > Urbana (82,6%)
Integración nas novas tecnoloxías	72,0	Rural (74,2%) > Semiurbana (73,9%) > Urbana (70,2%)
Capacidade para crear e desenvolver empresas	72,0	Semiurbana (78,7%) > Rural (75,5%) > Urbana (66,3%)
Calidade do espazo construído (rúas, prazas, espazos públicos)	70,2	Urbana (75,9%) > Rural (73,8%) > Semiurbana (63,5%)
Limpeza da cidade	69,0	Semiurbana (72,1%) > Rural (72,0%) > Urbana (65,9%)
Oferta cultural	63,9	Urbana (67,4%) > Rural (64,7%) > Semiurbana (58,6%)
Integración da poboación estranxeira	62,0	Semiurbana (66,6%) > Rural (66,1%) > Urbana (57,7%)
A contaminación atmosférica é un problema	62,0	Rural (71,7%) > Semiurbana (67,0%) > Urbana (55,7%)
Calidade da vivenda construída	59,1	Urbana (66,6%) > Rural (61,5%) > Semiurbana (47,1%)

Servizos de transporte público entre Vigo e o eu entorno	57,8	Semiurbana (62,5%) > Rural (59,4%) > Urbana (54,0%)
Facilidade para chegar con diñeiro no fin de mes	54,3	Semiurbana (59,7%) > Urbana (52,7%) > Rural (46,9%)
Existencia dunhas boas relacións cos municipios do entorno e o resto da provincia	52,8	Rural (55,2%) > Semiurbana (53,1%) > Urbana (51,9%)
Rede de asistencia social	50,6	Urbana (53,7%) > Rural (52,4%) > Semiurbana (45,4%)
A participación activa dos vigueses na cidade	48,4	Rural (53,8%) > Urbana (50,2%) > Semiurbana (43,7%)
Atención cidadá eficiente dos servizos administrativos do Concello	41,7	Semiurbana (44,1%) > Urbana (41,3%) > Rural (37,1%)
Avanzo na normalización da lingua galega	36,8	Urbana (38,3%) > Rural (37,8%) > Semiurbana (34,3%)
Axuda que o Goberno galego dá á cidade	36,8	Rural (33,3%) > Urbana (29,9%) > Semiurbana (27,9%)
Uso razoábel dos recursos	35,9	Urbana (41,3%) > Semiurbana (31,3%) > Rural (27,6%)
O tráfico	29,5	Semiurbana (54,6%) > Rural (28,7%) > Urbana (12,2%)
A contaminación acústica	25,3	Semiurbana (30,6%) > Urbana (24,0%) > Rural (16,8%)
Posibilidade de encontrar emprego	24,6	Urbana (32,9%) > Rural (18,5%) > Semiurbana (15,3%)
Axuda que a Deputación provincial dá á cidade	24,6	Semiurbana (26,3%) > Urbana (24,6%) > Rural (20,3%)
Facilidade para encontrar unha vivenda a un prezo razoábel	24,5	Urbana (25,7%) > Semiurbana (25,7%) > Rural (12,6%)
Calidade e nivel de retribución dos postos de traballo	24,0	Urbana (24,4%) > Rural (24,1%) > Semiurbana (23,6%)
Axuda que o Goberno español dá á cidade	22,1	Semiurbana (23,5%) > Rural (23,4%) > Urbana (20,8%)

### Máximos de satisfacción ou de acordo por zonas:

#### Zona Urbana

- Seguraza cidadá no municipio
- Calidade do espazo construído (rúas, prazas, espazos públicos)
- Oferta cultural
- Calidade da vivenda construída
- Rede de asistencia social
- Avanzo na normalización da lingua galega
- Uso razoábel dos recursos
- Posibilidade de encontrar emprego
- Facilitade de encontrar unha vivenda a un prezo razoábel
- Calidade e nivel de retribución dos postos de traballo

#### Zona Semiurbana

- Capacidade para crear e desenvolver empresas
- Limpeza da cidade
- Integración dos estranxeiros
- Servizos de transporte público entre Vigo e o seu entorno
- Facilitade para chegar con diñeiro no fin de mes
- Atención cidadá eficiente dos servizos administrativos do Concello
- O tráfico
- A contaminación acústica
- Axuda que a Deputación Provincial dá á cidade
- Axuda que o Goberno español dá á cidade

#### Zona Rural

- Seguraza cidadá na zona de residencia
- Capacidade de atracción turística
- Integración nas novas tecnoloxías
- A contaminación atmosférica
- Existencia dunhas boas relacións cos municipios do entorno e o resto da provincia
- A participación dos vigueses na cidade
- Axuda que o Goberno galego dá á cidade

### 3. Grao de satisfacción global dos servizos municipais

Parámetro	Global	Zonas
A hostalaría e restauración	86,8	Urbana (92,5%) > Semiurbana (81,0%) > Rural (80,8%)
A calidade do comercio existente	85,6	Urbana (89,6%) > Rural (84,6%) > Semiurbana (80,3%)
A rede educativa (colexios e escolas públicas)	79,2	Urbana (81,8%) > Semiurbana (78,4%) > Rural (72,0%)
O Porto da cidade	77,8	Rural (85,3%) > Semiurbana (77,7%) > Urbana (75,7%)
Os espazos verdes da cidade (parques e xardíns)	74,9	Rural (78,3%) > Urbana (74,4%) > Semiurbana (71,5%)
O transporte público na cidade (proximidade de paradas, frecuencia, cobertura,...)	70,1	Rural (78,3%) > Urbana (69,0%) > Semiurbana (68,3%)
A asistencia sanitaria e hospitalar	68,0	Urbana (78,8%) > Semiurbana (59,1%) > Rural (51,7%)
A conectividade privada a Internet	66,6	Urbana (72,1%) > Rural (66,1%) > Semiurbana (59,0%)
Os equipamentos deportivos (campos de deporte, polideportivos,...)	66,2	Rural (75,5%) > Urbana (66,3%)



		> Semiurbana (48,2%)
Instalacións culturais tais como as salas de concertos, teatros, museus e bibliotecas	59,4	Urbana (63,3%) > Rural (58,0%) > Semiurbana (54,5%)
A oferta de lecer e esparecemento	52,3	Urbana (63,5%) > Rural (52,8%) > Semiurbana (36,1%)
A accesibilidade a Internet desde lugares públicos	48,9	Rural (51,7%) > Semiurbana (48,9%) > Urbana (48,1%)
Os servizos de benestar e asistencia social	48,4	Rural (50,3%) > Urbana (49,4%) > Semiurbana (45,9%)
O sistema público de pensións	26,3	Urbana (28,7%) > Semiurbana (24,9%) > Rural (21,3%)

### Máximos de satisfacción ou de acordo por zonas:

#### Zona Urbana

- Hostalaría e restauración
- A calidade do comercio existente
- A rede educativa (colexios e escolas públicas)
- A asistencia sanitaria e hospitalar
- A conectividade privada a Internet
- Instalacións culturais
- A oferta de lecer e esparecemento
- O sistema público de pensións

#### Zona Rural

- O Porto da cidade
- Os espazos verdes
- O transporte público urbano
- Os equipamentos deportivos
- A conectividade pública a Internet
- Os servizos de benestar e asistencia social

### 4. A calidade de vida en Vigo e a súa relación coas cidades europeas de poboación comprendida entre 200.000 e 400.000 habitantes.

(Resultados en % de satisfacción e/ou acordo)

Parámetro	VIGO	Media UE	Máx.	Mín
Valoración persoal da dificultade para chegar con diñeiro no fin de mes	44	27	Burgas (37) Nicosia (30)	Graz (9) Malmo (9)
Seguranza cidadá	87	84	Oviedo (98) Groninga (98)	Burgas (68) Ostrava (68)
Seguranza cidadá na zona de residencia	89	90	Groninga (99) Rostock, Oviedo (98)	Ostrava (60) Burgas (73)
A limpeza da cidade	69	58	Oviedo (97) Bialystok (88)	Liege (29) Bratislava (40)
Gasto responsábel dos recursos	36	41	Bordeus (67) Groninga,	Tallinn (26) Bratislava (26)

			Newcastle (63)	
A contaminación atmosférica é un problema	62	61	Burgas (89) Verona (82)	Rostock (17) Groninga (21)
A contaminación acústica é un problema	74	59	Nicosia (78) Burgas (74)	Groninga (19) Rostock (29)
Oportunidades laborais	25	27	Nicosia (50) Bratislava (41)	Kosice (11) Braga (12)
Integración dos estranxeiros	62	49	Groninga (66) Braga (66) Cardife (66)	Graz (29) Nicosia (30)
Calidade do espazo construído	71	75	Oviedo (96) Groninga (94)	Nicosia (41) Tallinn (68)
Accesibilidade da vivenda	25	31	Braga (66) Oviedo (66)	Boloña (10) Ljubljana (10)
Satisfacción co transporte público	70	69	Estrasburgo (89) Rennes (88)	Nicosia (17) Verona (46)
Satisfacción coas instalacións deportivas	66	58	Groninga (88) Cardife (78)	Liege (41) Burgas (42)
Satisfacción cos espazos verdes	74	75	Malmö (94) Groninga (93)	Nicosia (38) Braga (55)
Satisfacción cos equipamentos culturais	59	80	Cardife (96) Newcastle (93)	Burgas (52) Nicosia (55)
Servizos administrativos eficientes	42	52	Antuerpen (78) Newcastle (70)	Tallinn (31) Rostock (34)
Satisfacción coa asistencia sanitaria e hospitalar	68	72	Groninga (96) Newcastle (94)	Burgas (34) Piatra Nea (44)

En función dos datos da tabela anterior, Vigo, en relación con 28 cidades europeas pertencentes a 18 países europeos, destácase o seguinte:

- Parámetro en que Vigo é superior ao rexistro máximo das cidades: Valoración da dificultade para chegar con diñeiro no fin de mes
- Parámetros en que Vigo é similar ao máximo das cidades:
  - A contaminación acústica é un problema
  - A integración dos estranxeiros
- Parámetro en que Vigo é similar ao mínimo das cidades: Satisfacción cos equipamentos culturais

- No resto de parámetros o municipio de Vigo está situado entre os valores máximos e mínimos.

En relación á media da UE, Vigo sitúase nos seguintes graos de satisfacción:

1. Posición notabelmente superior á media da UE:	Integración dos estranxeiros Limpeza da cidade
2. Posición levemente superior á media da UE:	Seguranza cidadá Satisfacción coas instalacións deportivas
3. Posición semellante á media da UE:	Seguranza cidadá na zona de residencia Oportunidades laborais Transporte público Espazos verdes Contaminación atmosférica
4. Posición levemente inferior á media da UE:	Gasto responsábel dos recursos Calidade do espazo construído Accesibilidade á vivenda Asistencia sanitaria e hospitalar
5. Posición notabelmente inferior á media da UE:	Contaminación acústica Equipamentos culturais Servizos administrativos eficientes Dificultades para chegar con diñeiro no fin de mes

## **ANEXOS**

### **A1. CUESTIONARIO APLICADO**

### **A2. POBOACIÓN DAS CIDADES EUROPEAS ANALISADAS**



## A1. CUESTIONARIO APLICADO

- Vive vostede por esta zona?  SI  NON
- CÓDIGO POSTAL XÉNERO  HOME  MULLER
- IDADE  18-20  21-25  26-30  31-35  36-40  41-45  46-50  
 51-55  56-60  61-65  66-70  71-75  76-80  >81
- SITUACIÓN LABORAL  Estudante  Desempregado /Traballo non remunerado  
 Traballador/a en activo  Xubilado/a

INDIQUE O SEU GRAO ACTUAL DE SATISFACCIÓN COS SEGUINTES ASPECTOS RELATIVOS Á CIDADE DE VIGO - Nota de 0 a 10 (excluído o 5), onde 0 significa insatisfacción/desacordo total e 10 satisfacción/acordo total

	NOTA	NS/NR
Estou satisfeito de vivir e traballar en Vigo		
Os vigueses participan activamente na súa cidade		
O Goberno Galego axuda o suficiente á cidade		
Vigo avanza cara a normalización do Galego		
É posíbel encontrar un emprego en Vigo		
A calidade e nivel de retribución dos postos de traballo		
Os estranxeiros que viven en Vigo están ben integrados		
Temos problemas de contaminación atmosférica (aire)		
Temos problemas co ruído		
Vigo é unha cidade limpa		
A zona en que vives é segura		
Vigo é unha cidade segura (*)		

\* En caso de nota  $\leq 4$ , sinala tres dos seguintes aspectos que segundo a súa opinión persoal determinan a falta de seguraza cidadá en vigo:

1. Delincuencia, roubos
2. Problemas coa inmigración
3. Roubos con violencia e intimidación
4. Falta de vixilancia policial
5. Pandillas
6. Inseguraza cidadá pola noite
7. Lense / Escóitanse moitos sucesos
8. Accidentes de tráfico (atropelos)
9. Drogas / alcohol

10. Maior grao de violencia  
 11. Xente conflitiva  
 12. Depende das zonas / barrios  
 13. Outras (Indicar cal: \_\_\_\_\_)

NOTA                      NS/NR

A Deputación presta axuda á cidade		
Vigo goza de capacidade de atracción turística		
Contamos cunha oferta cultural ampla		
O tráfico é un problema		
É unha cidade adecuada para crear e desenvolver empresas		
Vigo integrouse nas novas tecnoloxías		
Os servizos de transporte público entre Vigo e o seu entorno son adecuados		
Existen unhas boas relacións cos municipios do seu entorno e o resto da provincia		
Os servizos administrativos do Concello son eficientes en canto á atención cidadá		
Vigo conta cunha adecuada rede de asistencia social		
Vigo utiliza os seus recursos de forma razoábel		
O Goberno Español axuda o suficiente a Vigo		
Tes problemas para chegar a fin de mes		
A calidade do espazo construído (rúas, prazas, espazos públicos,...)		
Facilidade para encontrar unha vivenda a un prezo razoábel		
Calidade da vivenda construída		

#### INDIQUE O SEU GRAO ACTUAL DE SATISFACCIÓN COS SEGUINTE SERVICIOS

Nota de 0 a 10 (excluído o 5)

NOTA                      NS/NR

O transporte público na cidade (proximidade de paradas, frecuencia, cobertura,...)		
Os equipamentos deportivos (campos de deporte, polideportivos,...)		
A rede educativa (colexios e escolas públicas)		
Instalacións culturais tales como as salas de concertos, teatros, museos e bibliotecas.		
A asistencia sanitaria e hospitalar		
A oferta de ocio e esparcemento (cines)		
Os servizos de benestar e asistencia social		
A hostalaría e restauración		
O sistema público de pensións		
A calidade do comercio existente		
Os espazos verdes da cidade (parques e xardíns)		
A accesibilidade a Internet desde lugares públicos (zonas wifi, cibercafés, bibliotecas,...)		

O Porto da cidade

---

A accesibilidade a Internet desde o fogar

---

#### VALORACIÓN DA EVOLUCIÓN NOS ÚLTIMOS 4 ANOS DOS PRINCIPAIS SERVIZOS E ASPECTOS DE INTERESE

Indicar: IGUAL (I), MELLOR (M), PIOR (P)

	NOTA	NS/NR
O atractivo para os turistas		
As conexións por avión		
A utilización xeneralizada das novas tecnoloxías		
A situación da súa economía doméstica		
A atención cidadá dos servizos administrativos do Concello		
A capacidade de atracción de novas empresas		
A calidade da hostalaría		
A tolerancia con respecto á inmigración		
A calidade da oferta comercial		
Facilidade para aparcar na cidade (en superficie)		
A integración da cidade no entorno metropolitano		
Facilidade de estacionamento nos aparcamentos		
A normalización do Galego		
O ruído na cidade		
Os servizos de transporte público entre Vigo e o seu entorno		

#### ANÁLISE COMPARATIVA SOBRE OS SERVIZOS E OUTROS ASPECTOS DE INTERESE ENTRE VIGO E OUTRAS CIDADES GALEGAS

Indicar: IGUAL (I), MELLOR (M), PIOR (P)

	NOTA	NS/NR
O atractivo turístico de Vigo		
Oferta de equipamentos culturais e deportivos		
Infraestructura hostaleira e de restaurantes		
Dinamismo para crear e atraer empresas		
Calidade de vida		
Problemas de tráfico		
Nível formativo da poboación viguesa		
Facilidades para encontrar traballo		
Nível de integración das persoas desfavorecidas		
Acceso á vivenda		
Infraestructura comercial (comercios, centros comerciais,...)		



## A2. POBOACIÓN DAS CIDADES EUROPEAS ANALISADAS

País	Cidade	POB.
VIGO		299088
Bélxica	Antuerpen	472330
	Bruxelas	1048491
	Liege	192711
Bulgaria	Burgas	208294
	Sofia	1400122
República Checa	Ostrava	306006
	Praga	1249026
Dinamarca	Aalborg	123432
	Copeñaga	1181239
Alemaña	Berlín	3431675
	Dortmund	584412
	Essen	579759
	Rostock	199868
	Hamburgo	1772100
	Lipsia	515469
	Munique	1326807
Estonia	Tallinn	399340
Irlanda	Dublin	506211
Grecia	Atenas	745514
	Irakleio	
España	Barcelona	1621537
	Madrid	3284110
	Malaga	568305
	Oviedo	225155
Franza	Bordeus	235178
	Lille	226014
	Marsella	852395
	Paris	2193030
	Rennes	207922
	Estrasburgo	440704
Italia	Boloña	377220
	Nápoles	962940
	Palermo	656081

	Roma	2743796
	Turín	909538
	Verona	265083
Chipre	Nicosia	270000
Letonia	Riga	713016
Lituania	Vilnius	548835
Luxemburgo (G.D.)	Luxemburgo	100000
Hungría	Budapest	1712210
	Miskolc	170234
Malta	Valletta	6315
Países Baixos	Amsterdam	767457
	Groningen	190166
	Rotterdam	593049
Austria	Graz	252852
	Viena	1698822
Polonia	Bialystok	295000
	Gdansk	455830
	Cracovia	754854
	Varsovia	1711466
Portugal	Braga	181819
	Lisboa	564657
Romenia	Bucareste	1944367
	Cluj-Napoc	306474
Eslovenia	Ljubljana	270828
Eslovaquia	Bratislava	431061
	Kosice	234969
Finlandia	Helsinki	583350
	Oulu	141025
Suecia	Malmö	282904
	Estocolmo	829417
Reino Unido	Belfast	276459
	Cardife	310800
	Glasgow	637000
	Londres	7619800
	Manchester	465900
	Newcastle	273600
Croacia	Zagreb	804200

Turquía	Ankara	4466756
	Antalya	1127634
	Diyarbakir	592557
	Istanbul	8803468

## BIBLIOGRAFÍA

- [1] *El desarrollo sostenible. Su dimensión ambiental y educativa*. M. Novo. Pearson Prentice Hall (2006)
- [2] *Desarrollo sostenible y huella ecológica. Una aplicación a la economía gallega*. F. Martín Palmero. Netbiblo (2004)
- [3] *Atlas de la Sostenibilidad en España 2009*. Observatorio de la Sostenibilidad en España, (2010)
- [4] *Survey on perceptions of quality of life in 75 European cities*. European Union Regional Policy. Flash Eurobarometer (2010)
- [5] *Indicador Común Europeo de Sostenibilidad A-1. Satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local. Aplicación al municipio de Vigo*. L. Espada Recarey. Ed. Valedor do Cidadán (2007).

